

Real Decreto 375/2003 polo que se aproba o Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo.

(BOE do 11 de abril de 2003)

A disposición final terceira do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado, aprobado por Real Decreto Lexislativo 4/2000, do 23 de xuño, faculta o Ministro de Administracións Públicas, logo do informe, no seu caso, dos Ministerios de Facenda e de Traballo e Asuntos Sociais, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar ou propoñer ó Goberno, segundo proceda, as normas de aplicación e desenvolvemento da lei.

Polo tanto, dende a publicación do citado texto está pendente de ditarse un novo regulamento executivo xeral da norma, continuando en vigor —no que non se opoña ó texto refundido—, o Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo, aprobado por Decreto 843/1976, do 18 de marzo.

Se non fose evidente a necesidade dunha nova norma regulamentaria pola soa circunstancia do tempo transcorrido dende a entrada en vigor do vixente regulamento, aquela resultaría plenamente xustificada polas propias apelacións do texto refundido a desenvolvementos normativos que, loxicamente, non poden atopar resposta axeitada coa aplicación de normas, nuns casos, preexistentes ás disposicións legais que foron obxecto de refundición no texto aprobado polo Real Decreto Lexislativo 4/2000, do 23 de xuño, e noutros, claramente desactualizadas.

Como técnica normativa empregada para a elaboración do regulamento seguiu o criterio de ofrecer un desenvolvemento regulamentario coa mesma sistemática e ordenación de materias que o texto refundido e de amplitude semellante ó anterior. E iso porque, a diferenza da tendencia dos corpos legais máis recentes, a antiga lei 29/1975, do 27 de xuño, sobre Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado, núcleo fundamental do texto refundido, presenta unha regulación pouco extensa e cinguida ós contidos principais nos ámbitos prestacional e organizativo deste réxime especial, dispoñendo finalmente e de forma expresa unha remisión da lei a favor do regulamento.

Na súa virtude, por proposta do Ministro de Administracións Públicas, co informe preceptivo dos Ministerios de Facenda e de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de marzo de 2003,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo.*

Apróbase o Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo o texto do cal se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. *Disposicións que se derrogan.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Na súa totalidade:

1.º El Decreto 843/1976, do 18 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo.

2.º El Real Decreto 630/1982, do 26 de marzo, polo que se establece a prestación de auxilio por defunción na Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE).

3.º El Real Decreto 606/1983, do 16 de marzo, polo que se regulan os subsidios de defunción e xubilación na Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

4.º El Real Decreto 278/1984, do 8 de febreiro, polo que se regula o subsidio de defunción a cargo da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

b) Parcialmente:

1.º El artigo 2.º e as disposicións finais primeira e segunda do Real Decreto 1190/1985, do 17 de xullo, polo que se regula a promoción para estudos a cargo de MUFACE.

2.º Los artigos 1.º3 e 3.º do Real Decreto 383/1981, do 27 de febreiro, polo que se ditan normas para a execución e desenvolvemento da disposición adicional quinta da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 1981.

2. Quedan así mesmo derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan a este regulamento e non o foran polo texto refundido que desenvolve.

Disposición final única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto e o regulamento que aproba entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Dado en Madrid, a 28 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O Ministro de Administracións Públicas,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

Confederación Intersindical Galega

ENSINO

REGULAMENTO XERAL DO MUTUALISMO ADMINISTRATIVO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento e execución do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 4/2000, do 23 de xuño (en diante, texto refundido).

Artigo 2. *Réxime xurídico do Mutualismo administrativo.*

O mutualismo administrativo, mecanismo de cobertura do Réxime especial da Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado integrado no Sistema da Seguridade Social, previsto no parágrafo b) do artigo 2 do texto refundido, réxese polo disposto neste, no presente regulamento e nas demais disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Artigo 3. *Campo de aplicación do mutualismo administrativo.*

1. Quedan obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación do mutualismo administrativo:

- a) Os funcionarios de carreira da Administración Civil do Estado.
- b) Os funcionarios en prácticas, na forma que se determina no artigo 13 deste regulamento.
- c) Os funcionarios especificados nos supostos especiais de encadramento que se indican no apartado 1 da disposición adicional primeira e na disposición adicional cuarta do texto refundido.
- d) Os funcionarios procedentes do extinguido Servizo de Inspección e Asesoramento das Corporacións Locais a que se refire o Real Decreto 2856/1978, de 1 de decembro, e as súas normas complementarias, dende o 1 de setembro de 1979.

2. Poden incorporarse opcionalmente os funcionarios mencionados no apartado 3 da disposición adicional primeira do texto refundido, así como os pensionistas a que se refire o apartado 2 da devandita disposición adicional.

3. Quedan excluídos deste réxime especial e rexeranse polas súas normas específicas:

- a) Os funcionarios da Administración Local.
- b) Os funcionarios de organismos autónomos.
- c) Os funcionarios da Administración Militar.
- d) Os funcionarios da Administración de Xustiza.
- e) Os funcionarios da Administración da Seguridade Social.
- f) Os funcionarios de novo ingreso e en prácticas das comunidades autónomas.
- g) Os funcionarios de carreira da Administración Civil do Estado transferidos ás comunidades autónomas, que ingresaran ou ingresen voluntariamente en corpos ou escalas propios da comunidade autónoma de destino, calquera que sexa o sistema de acceso.

h) O persoal de administración e servizos propio das universidades.

Artigo 4. Natureza da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

1. A Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE) é un organismo público, con personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos recollidos no texto refundido, a quen corresponde de forma unitaria a xestión do mutualismo administrativo para os funcionarios incluídos no seu campo de aplicación.

2. Ningunha outra entidade poderá utiliza-la denominación de «Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado», nin o acrónimo MUFACE.

Artigo 5. Goberno e organización da mutualidade.

Os órganos de goberno, administración e representación da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado son os que se establecen, en forma análoga ás entidades xestoras da Seguridade Social, por real decreto, onde se determina a súa composición, funcionamento e atribucións. Igualmente, e de acordo coas normas sobre competencias e procedementos en materia de organización, por real decreto, por proposta do Ministro de Administracións Públicas, e por orde do devandito Ministro establécense, respectivamente, as estruturas propias dos seus servizos centrais e dos seus servizos periféricos.

CAPÍTULO II

Incorporación á mutualidade

SECCIÓN 1.^a MUTUALISTAS: RÉGIME DE AFILIACIÓN, ALTAS E BAIXAS

Artigo 6. Mutualistas.

Teñen a condición de mutualistas, cos dereitos e obrigas que se sinalan no texto refundido e neste regulamento:

a) Os funcionarios enumerados nos apartados 1 e 2 do artigo 3 deste Regulamento, os que conservarán a condición de mutualistas cando sexan declarados xubilados e reúnan os requisitos que se establecen no artigo 9.3.

b) Os funcionarios que pasaran a ser pensionistas de xubilación a que se refire o apartado 2 da disposición adicional primeira do texto refundido, nas condicións e cos requisitos sinalados no devandito apartado.

Artigo 7. Incorporación á Mutualidade: afiliación.

A incorporación inicial á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado é obrigatoria para os funcionarios incluídos no seu ámbito de aplicación dende o momento da toma de posesión ou, no seu caso, dende o comezo do período de prácticas. A devandita incorporación, de carácter único e permanente, producirá efectos no sistema da Seguridade Social, sen prexuízo das altas e baixas, así como das variacións que poidan producirse con posterioridade a esta.

Artigo 8. Documento de afiliación.

1. A condición de afiliado á Mutualidade Xeral acredítase mediante o correspondente documento de afiliación, que será expedido por MUFACE.

2. No indicado documento figurarán os datos persoais do funcionario que sexan necesarios para a súa identificación como mutualista e o seu número de afiliación, que ten carácter permanente e propio deste réxime especial da Seguridade Social.

Artigo 9. Altas.

1. Estarán en alta obrigatoria na Mutualidade Xeral os funcionarios en situación de servizo activo dende o momento da toma de posesión, ben cando adquiren a condición de funcionario, ben cando sexan rehabilitados na devandita condición, ou reingresen ó servizo activo.

2. Conservarán a condición de mutualista en alta obrigatoria, cos mesmos dereitos e obrigas que na situación de servizo activo, os funcionarios cando pasen a algunha das seguintes situacións:

a) servizos especiais, salvo o disposto no parágrafo c) do apartado 1 e no apartado 3 do artigo 8 do texto refundido.

b) servizos en comunidades autónomas.

c) Expectativa de destino.

d) Excedencia forzosa.

e) Excedencia por coidado de familiares.

f) Suspensión provisional ou firme de funcións.

3. Igualmente, acharanse en alta obrigatoria na mutualidade os funcionarios cando sexan declarados xubilados, en calquera dos seguintes supostos:

a) Que procedan das situacións administrativas a que se refiren os apartados 1 e 2 anteriores.

b) Que mantiveran o alta voluntaria segundo o indicado no apartado 2 do artigo 10 deste regulamento.

c) Que perciban pensión do Réxime de Clases Pasivas causada na súa condición de funcionarios incluídos no ámbito de aplicación deste regulamento.

Artigo 10. Baixa, mantemento facultativo e suspensión na situación de alta.

1. Causan baixa como mutualistas obrigatorios:

a) Os funcionarios que pasen á situación de excedencia voluntaria, en calquera das súas modalidades.

b) Os funcionarios que perdan tal condición, calquera que sexa a causa.

c) Os funcionarios que exerciten o dereito de transferencia establecido no artigo 11.2 do anexo VIII do Estatuto dos Funcionarios das Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968, do Consello, do 29 de febreiro.

d) Os funcionarios que sexan afiliados obrigatoriedade ó Réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, en aplicación da disposición transitoria décimo cuarta da Lei 17/1999, do 18 de maio, de Réxime do Persoal das Forzas Armadas, en tanto persista a causa que deu orixe a esta afiliación.

2. Non obstante o disposto no apartado precedente, poderán mante-la situación de alta como mutualistas voluntarios, con igualdade de dereitos, os funcionarios sinalados nos parágrafos a), b) e c) do apartado anterior, sempre que aboen exclusivamente ó seu cargo as cotas correspondentes ó funcionario e ó Estado.

3. O dereito de opción deberá ser exercitado polo propio interesado, ante a Mutualidade Xeral, no prazo dun mes, a partir da data de recepción da notificación, ou da data de efectos se esta fose posterior, do

acordo ou declaración de excedencia voluntaria, da perda da condición de funcionario, ou do exercicio do dereito de transferencia establecido no artigo 11.2 do anexo VIII do Estatuto dos Funcionarios das Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968, do Consello, do 29 de febreiro, causando baixa, en caso de non o exercitar, coa mesma data de efectos dos actos administrativos correspondentes.

4. Se non se exercitase o dereito de opción no prazo sinalado ou se perdesse posteriormente, por renuncia ou non pagamento das cotas segundo o disposto no apartado 2 do artigo 33 deste regulamento, non poderá instarse nin se recupera-la condición de mutualista con carácter voluntario.

5. Non corresponderá o dereito de opción a aqueles funcionarios que pasen a excedencia voluntaria como consecuencia do pase a outro corpo ou escala da Administración Civil do Estado incluído no ámbito de aplicación deste regulamento.

6. Poden optar por suspende-la alta na Mutualidade Xeral e cesar nos seus dereitos e obrigas respecto a esta, os funcionarios indicados no apartado 3 do artigo 8 do texto refundido, deixando de producir efectos a suspensión cando cese a situación que a motivou.

Artigo 11. Pensionistas de xubilación do sistema de dereitos pasivos.

Terán a consideración de mutualistas de carácter voluntario, cos dereitos e obrigas que se consideran neste regulamento, os pensionistas de xubilación que se incorporen á mutualidade ó amparo dos establecido no apartado 2 da disposición adicional primeira do texto refundido.

Artigo 12. Cambio de corpo e afiliación a máis dun réxime da Seguridade Social.

1. No suposto de que un mutualista ingrese ou reingrese noutro corpo ou escala incluído no ámbito de aplicación deste regulamento, manterá a súa situación de alta na mutualidade, rexistrándose as variacións inherentes ó devandito cambio para os efectos da correspondente cotización do funcionario.

2. Cando un funcionario ocupe varias prazas que teñan legalmente establecida a súa compatibilidade causará alta a través daquela pola que perciba as retribucións básicas.

3. Cando unha única prestación de servizos sexa causa da inclusión obrigatoria dun funcionario público no Réxime especial da Seguridade Social dos Funcionarios Cívís do Estado e noutro réxime do Sistema da Seguridade Social, poderá optar, por unha soa vez, por pertencer exclusivamente ó Réxime especial da Seguridade Social dos Funcionarios Cívís do Estado. Se a dobre afiliación afecta a dous réximes especiais de funcionarios poderá optar, tamén por unha soa vez, por pertencer a un solo deles.

4. Para a determinación dos dereitos que poidan causar para si ou para os seus familiares os mutualistas que pasen deste réxime especial a outro réxime de Seguridade Social ou viceversa, ó longo da súa vida profesional, serán de aplicación as disposicións vixentes sobre cómputo recíproco de cotizacións entre os diferentes réximes de Seguridade Social, e en especial o disposto no artigo 58 deste regulamento, así como o previsto no artigo 10 respecto ó mantemento facultativo da situación de alta e no artigo 16 en caso de falecemento, separación, divorcio ou nulidade de matrimonio do mutualista.

Artigo 13. Funcionarios en prácticas.

1. Os funcionarios en prácticas que aspiren a ingresar nos corpos da Administración Civil do Estado quedarán incluídos no ámbito de aplicación do mutualismo administrativo nas mesmas condicións que os funcionarios de carreira ata a data da súa toma de posesión como tales, e serán afiliados a MUFACE con efectos do día de inicio do período de prácticas, salvo que xa tivesen a condición de mutualistas.

2. Os funcionarios en prácticas que non cheguen a alcanza-la condición de funcionarios de carreira causarán baixa na mutualidade, coa salvidade contemplada no apartado anterior.

Artigo 14. Tramitación da afiliación, altas e baixas.

1. A afiliación levarase a cabo de oficio e, no seu defecto, a instancia do interesado. O mesmo procedemento se seguirá para as altas, baixas e cambios de situación administrativa.

2. Os órganos competentes en materia de persoal que formalicen a toma de posesión dos funcionarios de carreira incluídos no ámbito de aplicación do mutualismo administrativo, o nomeamento de funcionarios en prácticas incluídos no mesmo ámbito, así como o cambio de situación administrativa, a xubilación e, en xeral, os actos administrativos que alteren ou modifiquen datos referidos á afiliación a MUFACE, deberán dar conta inmediata a esta dos devanditos actos administrativos no prazo máximo dun mes.

3. Os dereitos e obrigas respecto á Mutualidade Xeral entenderanse, en todo caso, referidos á data de efectos dos actos e situacións indicados no apartado anterior. As baixas entenderanse igualmente referidas á devandita data.

4. Os interesados poderán promover directamente ante a Mutualidade Xeral a súa afiliación, alta ou baixa, e comunicarán o seu cambio de situación administrativa ou pase á xubilación no caso de que, por algunha circunstancia, aquelas non tiveran lugar de oficio dentro do prazo establecido no apartado 2 deste artigo.

5. A afiliación ou a continuidade en situación de alta dos mutualistas voluntarios será promovida directamente ante MUFACE polos interesados.

SECCIÓN 2.^a OTROS SUXEITOS PROTEXIDOS POLO MUTUALISMO ADMINISTRATIVO

Artigo 15. *Beneficiarios dos mutualistas.*

1. Poden ser incluídos como beneficiarios do mutualismo administrativo os familiares ou asimilados a cargo dun mutualista en alta que, cumprindo os requisitos que se detallan no apartado 2 deste artigo, se relacionan a continuación:

a) O cónxuxe do mutualista, así como a persoa que conviva co mutualista en análoga relación de afectividade ó de cónxuxe cos requisitos establecidos no Réxime Xeral da Seguridade Social.

b) Os descendentes, fillos adoptivos e irmáns. Os descendentes e fillos adoptivos poderán selo de ámbolos dous cónxuxes ou de calquera de eles, e os fillos tamén da persoa que conviva co mutualista en análoga relación de afectividade á de cónxuxe cos requisitos establecidos no Réxime Xeral da Seguridade Social. Excepcionalmente, os acollidos de feito quedan asimilados, para estes efectos, ós familiares mencionados, logo do acordo, en cada caso, da Mutualidade Xeral.

c) Os ascendentes, calquera que sexa a súa condición legal, e mesmo adoptivos, tanto do mutualista coma do seu cónxuxe, e os cónxuxes por posteriores nupcias de tales ascendentes.

d) Calquera outra persoa relacionada co mutualista que se determine de acordo co disposto no Réxime Xeral da Seguridade Social.

2. Os requisitos a que se alude no apartado anterior son os seguintes:

a) Vivir co titular do dereito e ás súas expensas. Non se apreciará falta de convivencia nos casos de separación transitoria e ocasional por razóns de traballo, imposibilidade de atopar vivenda no novo punto de destino e demais circunstancias similares.

b) Non percibir ingresos por rendementos derivados do traballo, incluídos os de natureza prestacional, e/ou do capital mobiliario e inmobiliario, superiores ó dobre do salario mínimo interprofesional.

c) Non estar protexidos, por título distinto, a través de calquera dos Réximes que integran o sistema español da Seguridade Social cunha extensión e contidos análogos ós establecidos no Réxime Xeral.

Artigo 16. Beneficiarios en caso de falecemento, separación, divorcio ou nulidade de matrimonio do mutualista.

1. En caso de falecemento do mutualista en alta, poderán ser beneficiarios do mutualismo administrativo os viúvos e orfos de mutualistas, activos e xubilados, e dos funcionarios e pensionistas a que se refiren os apartados 2 e 3 da disposición adicional terceira do texto refundido, se cumpren o requisito a que se refire o parágrafo c) do apartado 2 do artigo anterior.

Para os efectos do previsto neste apartado, considéranse asimilados ós viúvos que perciban pensión de viuvez de Clases Pasivas por ter sido cónxuxes lexítimos de funcionarios incluídos no campo de aplicación do mutualismo administrativo, e equiparado ó orfo o fillo menor de idade ou maior incapacitado que fose abandonado por pai ou nai mutualista.

2. Igualmente, poderán conserva-la condición de beneficiarios do mutualismo administrativo, co mesmo requisito mencionado no apartado anterior, o cónxuxe que viva separado dun mutualista en alta ou o matrimonio da cal fose declarado nulo ou disolto por divorcio, e os fillos que convivan con aquel.

Artigo 17. Recoñecemento e mantemento do dereito dos beneficiarios.

1. O recoñecemento da condición de beneficiario compete á Mutualidade Xeral.

2. A petición de recoñecemento da condición de beneficiario dos familiares ou asimilados que tivese o seu cargo o titular do dereito formularase por el mesmo ó tempo da afiliación ou alta inicial ou sucesivas altas, ou en calquera momento posterior cando desexe incluír un novo beneficiario.

3. Os requisitos para ser beneficiario a que se refire esta sección deben posuírse no momento do recoñecemento do dereito e manterse durante todo o tempo para conserva-la devandita condición. O dereito extinguirase cando se deixe de cumprir algún dos requisitos esixidos para ser beneficiario ou por renuncia, falecemento e, en todo caso, cando se extinga o do titular do que derive, salvo que, por falecemento do mutualista, quede subsistente segundo o previsto neste regulamento.

4. As variacións das circunstancias familiares que afecten ó dereito dos beneficiarios deberán ser comunicadas polos mutualistas ou asimilados á Mutualidade Xeral dentro do mes seguinte á data en que se produzan. Se a variación levase consigo a baixa dun beneficiario, os gastos que se orixinen á mutualidade polo seu mantemento como tal por enriba do prazo sinalado serán considerados, salvo causa xustificada, como indebidos, e neste caso serán de aplicación os artigos 55 e 56 deste regulamento.

5. A Mutualidade Xeral poderá comproba-lo grao de parentesco e demais circunstancias dos beneficiarios por calquera medio admitido en dereito e, especialmente, a través do Rexistro Civil, Padrón Municipal ou organismo competente, que expedirán gratuitamente as informacións ou certificacións que procedan.

Artigo 18. Acreditación dos beneficiarios.

1. A condición de beneficiario a cargo dun mutualista acredítase mediante o documento de beneficiarios expedido por MUFACE. Este documento, que incluírá os datos persoais dos beneficiarios para a súa identificación como tales, só terá validez se se acompaña do documento de afiliación correspondente ó mutualista.

2. Nos casos de falecemento, separación, divorcio ou nulidade de matrimonio do mutualista, MUFACE expedirá a favor do beneficiario un documento asimilado á de afiliación previsto no artigo 8 deste regulamento. Se existisen varios beneficiarios do mesmo causante, ostentará a condición de titular do devandito documento un deles, figurando o resto no documento de beneficiarios e, se o devandito titular perdese o dereito a ser beneficiario do mutualismo administrativo, pasará a ser titular do documento outro dos beneficiarios que conserve o dereito. O documento de beneficiarios só terá validez se se acompaña ó documento do titular.

Artigo 19. Incompatibilidades.

1. A condición de beneficiario no ámbito do mutualismo administrativo resulta incompatible para a persoa que a posúa con:

a) Un novo recoñecemento ou mantemento desa mesma condición a título derivado doutro mutualista no mesmo ámbito.

b) A condición de mutualista obrigatorio.

c) A pertenza a outro réxime do Sistema da Seguridade Social, xa sexa como titular ou beneficiario.

2. A incompatibilidade será absoluta nos casos de pertenza a título propio ó mutualismo administrativo ou a outro réxime do Sistema da Seguridade Social. Sen embargo, a persoa que puidese te-la condición de beneficiario a título derivado de máis dun mutualista no ámbito do mutualismo administrativo, ou que puidese ter esa condición, tanto no devandito ámbito coma noutro réxime do Sistema da Seguridade Social, deberá exercita-la súa opción de inclusión respecto dun solo titular do dereito.

SECCIÓN 3.^a DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Artigo 20. Subministración de información.

1. A Mutualidade Xeral disporá da información que lle proporcionen os órganos e rexistros a que se refire a disposición adicional oitava do texto refundido, coa modificación operada polos apartados dous e tres do artigo 45 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de Medidas fiscais, administrativas e da orde social. A subministración da información realizarase nos termos previstos na devandita disposición polos órganos e rexistros nela mencionados.

2. Os mutualistas están obrigados a comunica-los datos así como as variacións que se produzan nestes e que deban obrar na base de datos de MUFACE por afectar á súa relación de mutualismo administrativo, tanto os referentes a si mesmos como ós seus beneficiarios. Pola súa banda, a Mutualidade Xeral poderá solicitar dos interesado a achega dos datos que sexan adecuados, necesarios ou pertinentes en relación co ámbito e finalidades da mutualidade, estando aqueles obrigados a facilitalos. As mesmas obrigas deste apartado recaerán nos beneficiarios que non estean a cargo dun mutualista.

3. Os datos a que se refiren os apartados anteriores deberán identificar, en todo caso, nome e apelidos, documento de identidade, data de nacemento, domicilio e, para os funcionarios mutualistas, destino e corpo ou escala que determina a súa pertenza a MUFACE.

Artigo 21. Obrigas e dereitos referentes á información.

1. A Mutualidade Xeral debe manter ó día os datos relativos ás persoas afiliadas, de acordo co que se establece no artigo anterior.

2. Os mutualistas terán dereito a ser informados acerca dos datos a eles referentes que obren nos ficheiros informatizados e arquivos da Mutualidade Xeral. De igual dereito gozarán as persoas que acrediten un interese persoal e directo, derivado do establecido no texto refundido e neste regulamento, e con suxeición á lexislación de protección de datos de carácter persoal.

3. Os datos obrantes en calquera ficheiro automatizado, arquivo ou expediente da Mutualidade Xeral só poderán ser tratados e cedidos de acordo co que establece a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e as súas disposicións de desenvolvemento.

CAPÍTULO III

Cotización

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIONES XERAIS

Artigo 22. *A obriga de cotizar: obxecto.*

1. A cotización á Mutualidade Xeral é obrigatoria.

2. A cotización comprende dúas achegas:

a) A cota individual correspondente a cada mutualista.

b) A achega do Estado.

3. Estas achegas financiarán as prestacións a que se refire o artigo 47 deste regulamento, a excepción da indicada no parágrafo h) do devandito artigo.

SECCIÓN 2.^a COTIZACIÓN INDIVIDUAL DO MUTUALISTA

Artigo 23. *Suxeitos obrigados ó cumprimento da obriga de cotizar.*

1. Están obrigados a cotizar ó Réxime do mutualismo administrativo os mutualistas en alta comprendidos no seu campo de aplicación e que se achen nalgunha das seguintes situacións administrativas:

a) Servizo activo, tendo a consideración desta situación o desfrute de licencias, incluída a correspondente á situación de incapacidade temporal.

b) servizos especiais, tendo en conta o disposto no parágrafo a) do apartado 2 do artigo 9 deste regulamento.

c) servizos en comunidades autónomas.

d) Expectativa de destino.

e) Excedencia forzosa.

f) Suspensión provisional ou firme de funcións.

2. Quedan exceptuados da obriga de cotizar:

a) Os mutualistas xubilados.

b) Os funcionarios que se atopen na situación de excedencia para atender ó coidado de fillos ou familiares.

3. Os mutualistas voluntarios están obrigados a cotizar mentres se atopen en situación de alta facultativa, na forma en que se determina no texto refundido e neste regulamento.

Artigo 24. *Nacemento, duración e extinción da obriga de cotizar.*

1. A obriga de cotizar nace dende a data de alta do funcionario na mutualidade.

2. A obriga de cotizar manterase durante todo o período en que o funcionario estea en alta, sen prexuízo do establecido no parágrafo b) do apartado 2 do artigo 23 precedente, e extinguirase pola baixa deste na mutualidade. A comunicación á Mutualidade Xeral da alta ou da baixa fóra do prazo sinalado no artigo 14 deste regulamento retrotraerá os efectos da cotización á data en que se produciran os supostos determinantes daquelas.

3. A cotización dos mutualistas voluntarios retrotraerá os seus efectos ó día seguinte ó da data de baixa como mutualistas obrigatorios.

4. A exención de cotización dos mutualistas xubilados terá efectos dende o mes seguinte á da data de xubilación.

Artigo 25. Contido da obriga de cotizar.

1. A cota expresa o importe da obriga de cotiza-la Mutualidade Xeral durante o período de liquidación. A devandita cantidade resulta da operación liquidatoria de aplica-lo tipo de cotización á base de cotización total ou reducida, determinados segundo o disposto no artigo 10 do texto refundido.

2. A cotización será mensual para os mutualistas en alta e a súa remuneración terá lugar o último día de cada mes e, en caso de baixa do mutualista, na data de efectos desta, salvo que sexa por falecemento.

3. O período de liquidación estará referido a mensualidades naturais completas, aínda que a remuneración e/ou o pagamento das cotas se efectúe por período distinto ó mes.

4. Para obte-la liquidación mensual terase en conta o seguinte:

a) A base reguladora reducirase na mesma proporción que as retribucións, coa mesma data de efectos da redución destas, no caso de funcionarios ós que calquera norma autorice a prestar servizo en réxime de xornada reducida, por tempo que previsiblemente non haxa de ser inferior ó ano.

b) As liquidacións mensuais referidas ós mutualistas no mes en que causen alta obrigatoria e na de baixa como mutualistas obrigatorios, sempre que non sexa por falecemento, se calcularán por días. Igual criterio adoptarase para os mutualistas que pasen á situación de excedencia para atender ó coidado de fillos ou familiares e, no mes que, dende esa situación, pasen a outra con obriga de cotizar.

c) Tomarase como base de cotización dos funcionarios en prácticas que xa tivesen a condición de mutualistas en alta a correspondente á opción exercida polo funcionario de percibi-las retribucións do anterior ou do novo corpo, segundo a lexislación en materia de retribucións dos devanditos funcionarios.

5. Para a obtención da cota dos mutualistas voluntarios terase en conta o disposto no texto refundido e no artigo 29 deste regulamento, rateándose en cada liquidación a parte da cota correspondente ás pagas extraordinarias.

Artigo 26. Cumprimento da obriga de cotizar.

1. O mutualista é o suxeito obrigado ó pagamento da cota individual.

2. A cota será aboada aplicando o réxime xeral ou singular de cotización, segundo proceda de acordo co que se dispón neste regulamento.

Artigo 27. Réxime xeral de cotización.

1. Están sometidos ó réxime xeral de cotización os mutualistas obrigatorios para os que as habilitacións ou oficinas pagadoras reteñan da súa nómina o importe da cota da mutualidade.

2. As habilitacións ou oficinas pagadoras existentes nos servizos das distintas Administracións públicas, órganos constitucionais e demais organismos e entidades do sector público, onde estean destinados os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación deste réxime especial, deducirán, mensualmente, nas nóminas as cotas individuais correspondentes ós funcionarios en servizo activo, ou que se atopen nas situacións de servizos en comunidades autónomas, expectativa de destino, excedencia forzosa ou suspensión provisional de funcións.

3. Así mesmo, as habilitacións ou oficinas pagadoras reterán o importe da cota individual de todos aqueles funcionarios que se atopan en situación de servizos especiais e en alta na mutualidade. No caso de que a tales funcionarios non lle lles detraia a cota da retribución do seu posto de traballo ou cargo efectivo que desempeñen, a retención practicarase pola habilitación ou oficina pagadora de orixe con cargo ós correspondentes trienios, se os perciben en contía abonda. No caso contrario, o pagamento realizarase por medio do réxime singular de cotización que se considera no artigo seguinte deste regulamento.

4. Queda suspendida a obriga de cotizar para os mutualistas obrigatorios nas seguintes situacións:

- a) Cando gocen de licenza por asuntos propios.
- b) Cando se achen na situación de suspensión firme.

5. Non obstante, as cotizacións dos mutualistas obrigatorios polos períodos contemplados no apartado anterior realizaranse dende a data en que de novo se comece a acreditarlles retribucións, descontándose mensualmente, ata a total extinción do débito, unha cota corrente e outra atrasada. No suposto de que dende estas situacións pasen a excedencia voluntaria, ou a calquera outra situación ou condición que non leve consigo a obriga de cotizar, deberán ingresa-las cotizacións debidas. O ingreso destas cotas deberá realizarse no prazo dun mes, dende a notificación da liquidación e requirimento de pagamento por parte da mutualidade e, en caso de incumprimento, procederase á súa exacción por vía de constrinximento.

Artigo 28. *Réxime singular de cotización.*

1. Están sometidos ó réxime singular de cotización:

a) Os mutualistas obrigatorios en alta en situación de servizos especiais ós que non se lles practique a retención de cota na retribución do seu posto de traballo ou cargo efectivo que desempeñen, e non perciban trienios a través do seu destino de orixe, ou os perciban en contía insuficiente para cubri-la cotización que lles corresponda.

b) Os mutualistas que soliciten o mantemento facultativo da alta.

2. O réxime singular consiste no pagamento das cotas directamente polo mutualista mediante o procedemento que se estableza pola mutualidade.

Artigo 29. *Pagamento das cotas durante o mantemento facultativo da alta.*

Cando se trate de mutualistas que soliciten o mantemento facultativo da alta, de acordo co disposto no artigo 10 deste regulamento, o pagamento da cota realizarase a partir do feito causante e incluírá a cotización correspondente ó mutualista e a achega do Estado.

SECCIÓN 3.^a RECAUDACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO DAS COTAS

Artigo 30. *Competencia.*

A xestión recadatoria das cotas correspondentes á cotización individual compete á Mutualidade Xeral, conforme ó disposto neste regulamento e nas normas que se diten polo Ministro de Administracións Públicas.

Artigo 31. *Suxeitos responsables do ingreso das cotas.*

1. Nos supostos a que se refire o artigo 27 deste regulamento serán responsables do ingreso da cota:

a) A Caixa Pagadora da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e as Caixas Pagadoras das Delegacións de Economía e Facenda, en función do seu respectivo ámbito territorial, en relación cos funcionarios mutualistas destinados na Administración Xeral do Estado.

b) Os órganos competentes das Administracións das comunidades autónomas, respecto dos funcionarios mutualistas en servizo nas devanditas comunidades.

c) As habilitacións ou oficinas pagadoras, no caso dos funcionarios mutualistas que presten servizos en organismos ou entidades do sector público.

2. Nos supostos a que se refire o artigo 28 deste regulamento serán responsables os propios mutualistas.

Artigo 32. Prazo de ingreso.

O ingreso das cotas levarase a cabo por mensualidades vencidas e nun só acto, e realizarase dentro do mes seguinte ó da correspondente liquidación e dedución en nómina, no caso do réxime xeral de cotización, e dentro do mes seguinte ó do período ó que corresponda o ingreso, no caso do réxime singular de cotización.

Artigo 33. Recarga.

1. As cotas ingresadas fóra de prazo polos suxeitos obrigados a que se refire o parágrafo b) do apartado 1 do artigo 28 terán a seguinte recarga de demora:

a) O cinco por cento, se se aboaren dentro dos dous meses naturais seguintes ó vencemento do prazo regulamentario.

b) O vinte por cento, se se aboaren transcorrido o prazo anterior e antes de iniciarse a vía de constrinximento.

2. Transcorridos seis meses dende o vencemento do prazo de ingreso a que se refire o artigo 32, sen que o mutualista voluntario tivese ingresadas as cotas adebedadas coas súas correspondentes recargas, causará baixa na Mutualidade Xeral, sen prexuízo da obriga de aboalas cotas debidas.

Artigo 34. Lugar de ingreso.

A Mutualidade Xeral determinará as entidades de crédito a través das cales se canalizará o ingreso das cotizacións a que se refiren os artigos 27 e 28 deste regulamento, e para o cal establecerá os oportunos concertos.

Artigo 35. Documentación dos ingresos.

1. O ingreso das cotas retidas polas habilitacións ou oficinas pagadoras levarase a cabo co recheo dos requisitos que se establezan pola Mutualidade Xeral. A información que, con carácter mensual, deberán subministralos habilitados e ordenantes dos pagamentos confeccionarase no soporte e coas especificacións técnicas que se sinalen e expresará, como mínimo, o número de cotizantes, desconto ou descontos efectuados a cada un deles, consignando nome, apelidos e código identificativo de cada cotizante determinado pola mutualidade, que incluirá o número do documento de identidade. Igualmente, recollerá o detalle das habilitacións ou oficinas pagadoras ás que corresponda o importe que se ingrese en cada caso.

2. Os ingresos das cotas que deban de realizarse directamente polos mutualistas ós que se aplica o réxime singular de cotización documentaranse mediante a xustificación que determine a mutualidade.

Artigo 36. Xustificantes de pagamento.

1. Os suxeitos obrigados ó ingreso directo na mutualidade conservarán os xustificantes de pagamento durante un prazo mínimo de catro anos.

2. Nas nóminas que se confeccionen polas oficinas pagadoras especificarase necesariamente o importe das cotizacións descontadas ós mutualistas.

3. As oficinas pagadoras conservarán durante o prazo sinalado no apartado 1 os documentos de cotización.

Artigo 37. Control da recadación.

1. O control dos ingresos efectuarase pola Mutualidade Xeral.

2. As cotas que resulten adebedadas á Mutualidade Xeral en virtude do control a que se refire o apartado anterior orixinarán a súa liquidación de oficio e a cargo do suxeito obrigado ó seu pagamento.

SECCIÓN 4.^a RECAUDACIÓN EN VÍA EXECUTIVA

Artigo 38. Procedemento.

1. A recadación das cotas en vía de constrinximento, coas recargas de demora esixibles conforme ó previsto no apartado 1 do artigo 33 deste regulamento, realizarase de acordo co que se establece no Regulamento xeral de recadación de tributos, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, e disposicións complementarias.

2. As certificacións de descuberto autorizadas pola Dirección Xeral de MUFACE terán a consideración de títulos executivos.

3. As costas e gastos que orixine a recadación en vía executiva serán a cargo do debedor e obxecto da correspondente liquidación.

Artigo 39. Requirimentos.

Antes de expedir a correspondente certificación de descuberto, a Dirección Xeral de MUFACE enviará un requirimento ó debedor, para que, no prazo dos 15 días seguintes á súa notificación en forma, proceda ó aboamento das cotizacións debidas e a recarga que proceda. Transcorrido este prazo sen producirse o indicado ingreso, darase curso ó certificado de descuberto.

SECCIÓN 5.^a NORMAS COMÚNS ÁS COTIZACIÓNS INDIVIDUAIS

Artigo 40. Devolución de cotas.

1. Os mutualistas obrigados a cotizar terán dereito á devolución total ou parcial das cotas ou ó exceso destas, ingresadas indebidamente. O prazo para exercitar este dereito será de catro anos a partir da data en que se fixesen efectivas. Formarán parte da cotización a devolve-las recargas, xuros e costas que se satisfixesen cando o ingreso indebido se realizase por vía de constrinximento, así como o xuro legal aplicado, no seu caso, ás cantidades ingresadas.

2. As peticións de devolución de cotas formularanse polos interesados ante a Mutualidade Xeral. A devolución poderá acordar tamén acordar de oficio pola Mutualidade Xeral.

Artigo 41. Prescrición.

A obriga de pagamento das cotizacións á mutualidade prescribirá ós catro anos a contar dende a data en que preceptivamente deberon ser ingresadas. A prescrición quedará interrompida polas causas ordinarias e, en todo caso, por calquera actuación administrativa realizada con coñecemento formal do

obrigado ó pagamento da cotización conducente á liquidación ou recadación da débeda e, especialmente, por requirimento ó debedor.

Artigo 42. *Prelación de créditos.*

1. Os créditos por cotizacións individuais á Mutualidade e, no seu caso, as recargas ou xuros que sobre aqueles procedan, gozarán, respecto da súa totalidade, de igual orde de preferencia que os créditos a que se refire o apartado 1.º do artigo 1924 do Código Civil e o parágrafo D) do apartado 1.º do artigo 913 do Código de Comercio.

2. Os demais créditos do mutualismo administrativo gozarán da mesma orde de preferencia establecida no parágrafo E) do apartado 2.º do artigo 1924 do Código Civil e no parágrafo D) do apartado 1.º do artigo 913 do Código de Comercio.

SECCIÓN 6.ª APORTACIÓN DO ESTADO

Artigo 43. *Importe.*

1. O Estado consignará de modo permanente nos seus presupostos as achegas que anualmente conceda á Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12 do texto refundido, salvo a indicada no parágrafo h) do devandito artigo.

2. A contía das achegas estatais determinarase mediante unha porcentaxe dos haberes reguladores para os efectos de cotización de dereitos pasivos, porcentaxe que se fixará anualmente na Lei de Presupostos Xerais do Estado.

3. Estas achegas estatais son independentes das subvencións a que se refire o apartado 3 do artigo 35 do texto refundido.

Artigo 44. *Procedemento.*

1. A achega do Estado farase efectiva á Mutualidade Xeral mediante entregas mensuais, a partir do mes de xaneiro de cada exercicio, a conta da liquidación definitiva.

2. O procedemento para fixa-la contía das entregas a que se refire o apartado anterior será establecido por Orde do Ministro de Administracións Públicas, logo do informe do Ministerio de Facenda.

CAPÍTULO IV

Normas xerais da acción protectora

SECCIÓN 1.ª RÉGIMEN DAS PRESTACIÓNS

Artigo 45. *Normas reguladoras.*

A acción protectora do mutualismo administrativo e os requisitos e condicións esixidos para causar dereito ás prestacións que a mesma comprende rexeranse polo establecido no texto refundido, no este regulamento e nas demais disposicións para a súa aplicación e desenvolvemento.

Artigo 46. *Continxencias protexidas.*

Os mutualistas e, no seu caso, os familiares e asimilados ó seu cargo, quedan concretamente protexidos, de acordo co establecido no texto refundido e neste regulamento, nas seguintes continxencias:

a) Necesidade de asistencia sanitaria.

b) Incapacidade temporal, derivada, ben de enfermidade común ou profesional, ben de accidente común ou en acto de servizo ou como consecuencia del.

c) Incapacidade permanente nos mesmos supostos do parágrafo anterior.

d) Cargas familiares.

Artigo 47. Prestacións.

As prestacións a que teñen dereito os mutualistas ou os seus beneficiarios, cando se atopen nos supostos de feito legalmente establecidos, son as seguintes:

a) Asistencia sanitaria.

b) Subsidios por incapacidade temporal e por risco durante o embarazo.

c) Prestacións recuperadoras por incapacidade permanente total, absoluta e grande invalidez.

d) Prestación para a remuneración da persoa encargada da asistencia do grande inválido.

e) Indemnizacións por lesións, mutilacións ou deformidades causadas por enfermidade profesional ou en acto de servizo ou como consecuencia del.

f) servizos sociais.

g) Asistencia social.

h) Prestacións familiares por fillo a cargo discapacitado.

i) Axudas económicas nos casos de parto múltiple.

Artigo 48. Carácter das prestacións.

1. As prestacións que comprende a acción protectora do mutualismo administrativo non poderán ser obxecto de retención, sen prexuízo do previsto no apartado 3 deste artigo, cesión total ou parcial, compensación ou desconto, salvo nos dous casos seguintes:

a) En orde ó cumprimento das obrigas alimenticias a favor do cónxuxe e fillos.

b) Cando se trate de obrigas contraídas polo beneficiario dentro do mutualismo administrativo.

2. En materia de embargo, estarase ó establecido na Lei de Xuizamento Civil.

3. As percepcións derivadas da acción protectora do Mutualismo administrativo estarán suxeitas a tributación nos termos establecidos nas normas reguladoras de cada imposto.

4. Non poderá esixirse prezo ningún polas informacións ou certificacións que deba facilita-la Mutualidade Xeral en relación coas prestacións a que se refire o artigo anterior.

Artigo 49. Condicións do dereito ás prestacións.

1. Os mutualistas causarán dereito ás prestacións cando, ademais de reuni-los requisitos esixidos para cada unha delas, se atopen en alta na Mutualidade Xeral ou en situación asimilada a esta, ó sobrevi-la continxencia ou situación protexida.

2. Consideraranse en situación asimilada á de alta, para os efectos de aplicación da acción protectora da Mutualidade Xeral:

a) Os que optaran por mante-la súa situación de alta como mutualistas voluntarios, de acordo co que establece o artigo 10 deste regulamento.

b) Os pensionistas que se incorporasen como mutualistas voluntarios segundo o preceptuado no apartado 2 da disposición adicional primeira do texto refundido, cos dereitos que se determinan neste regulamento.

Artigo 50. Recoñecemento do dereito ás prestacións.

1. O recoñecemento do dereito ás prestacións da Mutualidade Xeral levará a cabo polo Director Xeral de MUFACE, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgarse.

2. O procedemento para o recoñecemento do dereito iniciárase a instancia do interesado, ou do seu representante legal, por si ou por medio de mandatario designado en forma, o cal deberá acompañar os documentos e informacións esixidos polas normas aplicables ó procedemento de que se trate, e demais elementos de proba en que fundamente o seu dereito.

3. Non obstante, o procedemento poderá iniciarse de oficio, ben sexa excepcionalmente de forma singular ou ben mediante convocatoria aprobada polo Director Xeral da mutualidade, que especificará os requisitos e condicións para a concesión da prestación de que se trate.

Artigo 51. Adopción de medidas preventivas no mantemento do dereito ó cobro das prestacións.

O incumprimento por parte dos beneficiarios ou causantes das prestacións económicas do Mutualismo administrativo da obriga de presentar, nos prazos legais establecidos, declaracións preceptivas ou documentos, antecedentes, xustificantes ou datos que non obren na Mutualidade Xeral, cando a iso sexan requiridos, así como a non comparecencia, salvo causa xustificada, ós recoñecementos médicos ordenados por esta nos supostos así establecidos, sempre que poidan afectar á conservación do dereito ás prestacións, poderán dar lugar a que por MUFACE se adopten as medidas preventivas necesarias, mediante a suspensión preventiva do aboamento das citadas prestacións, ata tanto quede debidamente acreditado por parte dos citados beneficiarios ou causantes que se cumpren os requisitos legais imprescindibles para o mantemento do dereito a estas.

Artigo 52. Sucesión no exercicio dos dereitos.

1. Se iniciado de forma regulamentaria un procedemento administrativo para o recoñecemento dalgunha prestación falecese o interesado durante a súa tramitación, e se instase a súa continuación por parte lexítima, ultimarase aquel facéndose a declaración que corresponda e aboándose, no seu caso, ós herdeiros por dereito civil as cantidades devengadas.

2. Para os efectos sinalados no anterior apartado 1, presumirase iniciado o procedemento de forma regulamentaria na data do feito causante da prestación, se se instase a súa continuación por parte lexítima, nos seguintes supostos:

a) Cando se trate do recoñecemento do dereito ó reintegro, total ou parcial, dos gastos efectivamente realizados polo causante.

b) Cando iniciada a situación de incapacidade temporal ou a de risco durante o embarazo o causante falecese antes de solicita-lo recoñecemento do subsidio correspondente a cada mensuralidade, sen que concorra causa imputable. En tal caso, os requisitos e efectos serán os sinalados no capítulo VI deste regulamento.

3. Se falecese o beneficiario dalgunha prestación do mutualismo administrativo, a contía económica en que esta se concreta, devengada e non percibida, aboarase ós herdeiros por dereito civil, a instancia de parte lexítima. O exercicio da acción por un dos herdeiros redundará en beneficio dos demais que puidesen existir.

4. A solicitude da sucesión no exercicio dos dereitos haberá de formularse dentro do prazo de cinco anos dende o día seguinte ó do falecemento do interesado, salvo que se trate das presuncións establecidas no apartado 2 deste artigo, e neste caso o prazo contarase a partir do feito causante da prestación. Cando se trate de prestacións suxeitas a convocatoria pública a devandita solicitude haberá de efectuarse, en todo caso, dentro dos prazos establecidos en cada convocatoria.

Artigo 53. Prescrición e caducidade do dereito ó recoñecemento das prestacións.

1. O dereito ó recoñecemento das prestacións prescribirá ós cinco anos, contados a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar o feito causante da prestación de que se trate, sen prexuízo das excepcións que se consideran neste regulamento. A prescrición interromperase, ademais de pola reclamación ante a Mutualidade Xeral, polas causas ordinarias establecidas no artigo 1973 do Código Civil.

2. O dereito ou, no seu caso, a expectativa do dereito ó recoñecemento das prestacións suxeitas a convocatoria pública, con prazos específicos para o seu exercicio, caducará transcorridos estes.

Artigo 54. Caducidade do dereito ó cobro das prestacións.

1. O dereito ó cobro da prestación xa recoñecida caducará ó ano. O prazo contarase dende a data de notificación do recoñecemento da prestación.

2. Cando se trate de prestacións periódicas, o dereito ó cobro de cada mensualidade caducará ó ano do seu respectivo vencemento, salvo que se trate de mensualidades anteriores ó recoñecemento, e neste caso, para o cómputo do prazo aplicarase o disposto no apartado anterior.

Artigo 55. Reintegro de prestacións indebidas.

1. Os mutualistas e as demais persoas que percibiran indebidamente prestacións da Mutualidade Xeral, así como os seus depositarios de dereitos, virán obrigados a reintegra-lo seu importe, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde en que puidesen incurrir.

2. Os que por acción ou omisión contribuíran a facer posible a percepción indebida dunha prestación responderán subsidiariamente cos perceptores, salvo boa fe probada, da obriga de reintegrar que se establece no apartado anterior, sendo de aplicación tanto ó suposto de percepción de prestacións ás que o interesado non tivese dereito, coma ó caso de percibilas en contía ou contido superior ó debido, conforme ás normas reguladoras da prestación de que se trate.

3. Para o reintegro destas prestacións aplicarase, no seu caso, o procedemento de constrinximento a que se refire o artigo 38 deste regulamento.

4. Non poderá esixirse o reintegro do indebidamente percibido sen previa revisión ou reforma do acto ou acordo que dese orixe ó pagamento de tales cantidades.

5. A Mutualidade Xeral poderá reformar ou modificar en calquera tempo, mediante acordo motivado, os actos que, estando suxeitos a revisión periódica, ó cumprimento de determinada condición ou requisitos, ou acordados con carácter provisional, se revelen indebidos como consecuencia da devandita revisión ou do incumprimento da condición ou requisito de que se trate, ou da súa elevación a definitivos. O carácter revisable, condicional ou provisional dos actos debe constar expresamente no propio acto ou estar previsto nunha disposición de carácter xeral. Na tramitación do procedemento garantirase, en todo caso, o dereito de audiencia do interesado.

Artigo 56. Prescrición da obriga de reintegro.

A obriga de reintegro do importe das prestacións indebidamente percibidas prescribirá ós catro anos, contados a partir da data do seu cobramento, ou dende que foi posible exercita-la acción para esixi-la súa

devolución, con independencia da causa que orixinou a percepción indebida, incluídos os supostos de revisión das prestacións por erro imputable á mutualidade.

Artigo 57. *Aprazamento e fraccionamento da débeda.*

O aprazamento e fraccionamento do pagamento por débedas co mutualismo administrativo rexeranse polo disposto no Regulamento xeral de recadación de tributos, correspondendo á Dirección Xeral da Mutualidade a tramitación e resolución das solicitudes formuladas en período voluntario de pagamento.

Artigo 58. *Períodos de cotización condicionantes do dereito ás prestacións.*

1. Para causar dereito a prestacións económicas para as que se esixa un período mínimo de cotización poderanse totaliza-los períodos de cotización acreditados noutros réximes, sempre que non se superpoñan cos deste réxime especial e que as devanditas prestacións ou outras de igual finalidade estean incluídas na acción protectora do réxime os períodos de cotización do cal se teñan en conta para causar tal dereito.

2. Non se esixirán períodos mínimos de cotización para o dereito ás prestacións que se deriven de accidente en acto de servizo ou de enfermidade profesional.

SECCIÓN 2.^a CONCEPTO DAS CONTINXENCIAS

Artigo 59. *Concepto de accidente en acto de servizo.*

1. Entenderase por accidente en acto de servizo aquel que se produza con ocasión ou como consecuencia das actividades propias da prestación do servizo á Administración.

2. Para a determinación dos supostos que neste réxime especial terán a consideración de accidente en acto de servizo ou como consecuencia del, e para as presuncións aplicables ó respecto, haberá que averse ó disposto no Réxime Xeral da Seguridade Social acerca do concepto de accidente de traballo, sen prexuízo das peculiaridades propias que resulten aplicables derivadas da prestación do servizo público.

Artigo 60. *Concepto de enfermidade profesional.*

Entenderase por enfermidade profesional a contraída polo mutualista a consecuencia da prestación dos seus servizos á Administración, nas actividades que se especifican nas normas regulamentarias do Réxime Xeral da Seguridade Social ou outras normas que se diten para o efecto, sempre que estea provocada pola acción dos elementos ou substancias determinados nas devanditas normas para cada enfermidade profesional.

Artigo 61. *Recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidade profesional e de accidente en acto de servizo.*

1. O recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidade profesional e de accidente en acto de servizo ou como consecuencia del, para os efectos do mutualismo administrativo, realizarase pola Mutualidade Xeral, con carácter previo ou simultáneo á concesión das prestacións derivadas de tales continxencias.

2. O procedemento para o recoñecemento destes dereitos instrumentarase a partir dun expediente dirixido a descubri-las causas que deron lugar ás lesións ou ás circunstancias en que se iniciou a patoloxía, así como a establece-la relación de causalidade entre estas e o servizo ou tarefa desempeñados polo mutualista. O devandito expediente, que se iniciará por solicitude do interesado ou de oficio polo órgano competente para expedir, no seu caso, a licenza por enfermidade do funcionario mutualista afectado, será instruído polo devandito órgano, conforme ás normas que para o efecto se establezan por orde do Ministro de Administracións Públicas, que determinará, así mesmo, as especificacións que haberá de conte-lo informe resultante da instrución, incluída a posibilidade de que o mencionado órgano leve a cabo actuacións complementarias.

Artigo 62. *Concepto de accidente e enfermidade comúns.*

Consideraranse accidente e enfermidade comúns as lesións e alteracións da saúde que, con suxeición ós artigos anteriores, non poidan ser cualificadas, nin como accidente en acto de servizo, nin como enfermidade profesional.

Artigo 63. *Concepto legal das restantes continxencias.*

Será o que resulte das condicións esixidas para o recoñecemento do dereito ás prestacións outorgadas en consideración a cada unha delas.

Artigo 64. *Riscos catastróficos.*

En ningún caso serán obxecto de protección pola Mutualidade Xeral os riscos declarados catastróficos ó amparo da súa lexislación especial.

CAPÍTULO V

Asistencia sanitaria

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIONES XERAIS

Artigo 65. *Obxecto e prestación.*

1. A asistencia sanitaria ten por obxecto a prestación dos servizos médicos, cirúrxicos e farmacéuticos conducentes a conservar ou restablece-la saúde dos beneficiarios deste réxime especial, así como a súa aptitude para o traballo.

2. Proporcionará tamén os servizos convenientes para completa-las prestacións médicas e farmacéuticas e, dun modo especial, atenderá á rehabilitación física para a recuperación profesional dos incapacitados con dereito a ela.

3. A asistencia sanitaria prestarase conforme ó establecido no texto refundido, neste regulamento e, no que resulte de aplicación, na Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade e demais normativa sanitaria vixente, debéndose garanti-lo contido da carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde, así como as garantías sobre accesibilidade, mobilidade, calidade, seguridade, información e tempo recollidas nas devanditas normas.

Artigo 66. *Continxencias protexidas.*

As continxencias cubertas pola prestación da asistencia sanitaria son as de enfermidade común ou profesional e as lesións ocasionadas por accidente común ou en acto de servizo ou como consecuencia del, sexa por accidente ou risco específico do cargo, así como o embarazo, o parto e o puerperio, na extensión e termos que se establecen neste regulamento.

SECCIÓN 2.^a BENEFICIARIOS DA ASISTENCIA SANITARIA

Artigo 67. *Beneficiarios de asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns.*

1. Son beneficiarios da asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns tódolos mutualistas incluídos no ámbito de aplicación deste réxime especial, os xubilados mutualistas, e os familiares ou asimilados de ámbolos dous que se relacionan no apartado 1 do artigo 15, e que cumpran os requisitos establecidos no apartado 2 do devandito artigo.

2. Así mesmo, poden ser beneficiarias da asistencia sanitaria as persoas a que se refire o artigo 16 e que cumpran o requisito que se indica no mencionado artigo.

Artigo 68. *Beneficiarios da asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional.*

1. Son beneficiarios da asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional os mutualistas que sufran calquera alteración da súa saúde como consecuencia das contingencias previstas nos artigos 59 e 60 deste regulamento.

2. Os mutualistas a que se refire o apartado anterior consideraranse, de pleno dereito, en situación de alta para os efectos de asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional, aínda que non se tramitase a súa afiliación ou alta na Mutualidade Xeral.

Artigo 69. *Beneficiarias da asistencia sanitaria por maternidade.*

Son beneficiarias da asistencia sanitaria por maternidade:

a) As mutualistas e demais beneficiarias da asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns, determinadas segundo o previsto neste regulamento.

b) As cónxuxes dos mutualistas e os que viñesen convivindo con estes en análoga relación de afectividade á de cónxuxe, aínda que non sexan suxeitos protexidos conforme ó artigo 15 deste regulamento.

Artigo 70. *Documentación.*

Para recibir a asistencia sanitaria será imprescindible a exhibición dos documentos que determine a Mutualidade Xeral.

SECCIÓN 3.^a NORMAS SOBRE NACEMENTO, DURACIÓN E EXTINCIÓN DO DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA

Artigo 71. *Nacemento e efectividade do dereito á asistencia sanitaria.*

1. O dereito á asistencia sanitaria nace e produce os seus efectos o día da afiliación ou alta, tanto para o titular coma para os seus familiares ou asimilados beneficiarios. Para aqueles familiares ou asimilados a inclusión dos cales como beneficiarios se produza nun momento posterior, a efectividade do dereito á asistencia sanitaria producirase na data de solicitude de recoñecemento da súa condición de beneficiarios, salvo no caso do acabado de nacer que, con independencia da devandita data, terá dereito á asistencia sanitaria que corresponda durante o primeiro mes dende o momento do parto.

2. Para os efectos da salvidade indicada no apartado anterior, equipáranse o recién nacido os supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, computándose o primeiro mes, ben a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ben a partir da resolución xudicial pola que se constituía a adopción.

3. Cando, por calquera circunstancia, non se producise a incorporación á Mutualidade dun funcionario en situación que leve consigo a condición de mutualista obrigatorio, conforme ó establecido neste regulamento, e se ocasionasen gastos de asistencia sanitaria a aquel ou ós seus beneficiarios durante o tempo que transcorra entre a data de efectos da incorporación e a da súa formalización, o mutualista poderá solicita-lo reintegro dos devanditos gastos.

Artigo 72. *Duración da asistencia sanitaria.*

A asistencia sanitaria prestarase dende o día en que, reunindo as condicións esixidas para a súa efectividade, sexa solicitada do facultativo correspondente, mentres sexa precisa e concorran os requisitos establecidos para conserva-lo dereito a recibila.

Artigo 73. *Duración da asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional.*

Non obstante o disposto nos artigos anteriores, a asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional prestarase ó afectado dende o momento en que se produza o accidente ou se diagnostique a enfermidade profesional, e durante o tempo que o estado patolóxico producido polas devanditas continxencias o requira.

SECCIÓN 4.^a CONTENIDO DA ASISTENCIA SANITARIA

Artigo 74. *Contido da asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns.*

A asistencia sanitaria por enfermidade e accidente comúns terá unha extensión e contido análogos ós establecidos para o Réxime Xeral da Seguridade Social e comprenderá:

a) A atención primaria que, con carácter xeral, incluírá a asistencia sanitaria en réxime ambulatorio, domiciliario e de urxencia, e os programas preventivos de atención primaria.

b) A atención especializada, que inclúe:

1.º La asistencia especializada en réxime ambulatorio e hospitalario, incluíndo o hospital de día e a hospitalización a domicilio, así como a atención de urxencia, tanto hospitalaria como extrahospitalaria.

2.º La asistencia psiquiátrica en réxime ambulatorio, incluíndo a psicoterapia individual, de grupo ou familiar, e a hospitalización de procesos agudos e crónicos.

3.º La cirurxía estética, sempre que garde relación con accidente, enfermidade ou malformación conxénita.

4.º Los programas preventivos de atención especializada.

5.º Calquer nova técnica de diagnóstico ou tratamento que se realice con cargo ás Administracións sanitarias públicas, nalgún dos centros propios ou concertados do Sistema Nacional de Saúde.

c) A prestación farmacéutica, que inclúe as especialidades farmacéuticas, fórmulas maxistrais, efectos e accesorios farmacéuticos e outros produtos sanitarios, coa extensión determinada para os beneficiarios do Réxime Xeral da Seguridade Social, nas condicións que se determinan neste regulamento.

d) As prestacións complementarias necesarias para a consecución dunha asistencia sanitaria completa e axeitada, como son:

1.º El transporte sanitario.

2.º La oxigenoterapia a domicilio.

3.º Los tratamentos dietoterápicos complexos e as axudas de custo enterais.

4.º Las prestacións ortoprotésicas.

5.º Outras prestacións sanitarias.

e) Calquera outra prestación que se determine no ámbito do Réxime Xeral da Seguridade Social.

Artigo 75. *Contido da asistencia sanitaria por maternidade.*

A asistencia sanitaria por maternidade comprende:

a) A preparación ó parto.

b) A atención en réxime ambulatorio, hospitalario e de urxencia do embarazo, parto e puerperio, así como da patoloxía obstétrica que poida producirse nas devanditas situacións.

c) As prestacións farmacéutica e complementarias derivadas das devanditas continxencias.

Artigo 76. *Contido da asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional.*

A asistencia sanitaria por accidente en acto de servizo e enfermidade profesional comprende:

a) Tódolos tratamentos e actuacións sanitarias que se consideren necesarias e co mesmo contido que se especifica no artigo 74 deste regulamento.

b) A cirurxía estética que garde relación co accidente en acto de servizo ou enfermidade profesional.

c) Toda clase de prótese e órtese e demais prestacións complementarias que se consideren necesarias en relación co proceso patolóxico derivado do accidente en acto de servizo ou enfermidade profesional.

d) A prestación farmacéutica, nos termos que se establecen no artigo 82.

SECCIÓN 5.^a ACCESO Á ASISTENCIA SANITARIA

Artigo 77. *Asistencia sanitaria prestada por medios propios ou concertados.*

1. A asistencia sanitaria facilitarase pola Mutualidade Xeral directamente ou por concerto con outras entidades ou establecementos públicos ou privados, preferentemente con institucións da Seguridade Social. Cando a asistencia se facilite mediante concerto, os mutualistas poderán elixir, ben no momento da afiliación ou alta, ben dentro do período que se sinale ó efecto, a entidade ou establecemento público ou privado a través do cal haxan de recibila prestación da devandita asistencia.

2. Os concertos estipularán os dereitos e obrigas recíprocos das partes, así como as modalidades, forma, condicións da asistencia e as causas polas que esta se prestará ós beneficiarios con dereito a ela.

Artigo 78. *Asistencia sanitaria prestada por medios alleos.*

1. O beneficiario que, por decisión propia ou dos seus familiares, utilice servizos sanitarios distintos dos que lle correspondan, aboará, sen dereito a reintegro, os gastos que poidan ocasionarse, sen prexuízo do previsto nos parágrafos seguintes:

a) Cando a mutualidade facilite directamente a asistencia sanitaria e o beneficiario utilice servizos sanitarios distintos dos que teña asignados por denegación inxustificada de asistencia sanitaria ou por asistencia urxente de carácter vital, competará a aquela ditar resolución co fin de proceder, no seu caso, ó reintegro de gastos, sempre que no segundo caso se notifique á mutualidade o comezo da devandita asistencia no prazo de 15 días.

b) Cando un beneficiario estea adscrito a unha entidade privada concertada pola mutualidade poderá utilizar servizos sanitarios distintos das da devandita entidade nas seguintes circunstancias:

1.^a Se a asistencia sanitaria solicitada lle foi denegada por parte da devandita entidade e esta denegación foi inxustificada, de acordo co estipulado nos concertos vixentes en cada momento. Neste suposto poderá facer uso de servizos sanitarios distintos dos que lle correspondan e reclama-lo reintegro dos gastos ocasionados por estes.

2.^a Se a utilización dos devanditos servizos sanitarios foi debida a unha asistencia urxente de carácter vital. Neste caso, o interesado poderá reclama-lo reintegro dos gastos ocasionados por esta, sendo indispensable que se notifique o comezo da asistencia sanitaria á entidade de adscrición do beneficiario nos prazos, termos e condicións que se establezan nos oportunos concertos.

En caso de discrepancia sobre a procedencia do reintegro nas circunstancias previstas nos dous supostos anteriores, corresponde á mutualidade a súa apreciación e resolución, sen prexuízo dos posibles procedementos de reclamación por parte dos beneficiarios previstos nos respectivos concertos.

2. Non obstante, cando un beneficiario estea adscrito para os efectos de asistencia sanitaria a un organismo público e faga uso de servizos sanitarios distintos dos que lle correspondan, estará suxeito ó que a normativa legal e de procedemento do correspondente organismo dispoña para as situacións de utilización de medios alleos, así como ó seu réxime xurisdiccional.

SECCIÓN 6.^a PRESTACIÓN FARMACÉUTICA

Artigo 79. *Contido da prestación.*

1. A prestación farmacéutica consiste na dispensa ós beneficiarios de asistencia sanitaria, a través dos procedementos previstos neste regulamento, das especialidades farmacéuticas, fórmulas maxistrais, efectos e accesorios farmacéuticos e outros produtos sanitarios, recoñecidos pola lexislación vixente, e coa extensión determinada para os beneficiarios do Réxime Xeral da Seguridade Social. A prestación efectuarase con cargo á Mutualidade Xeral e mediante a achega económica dos propios beneficiarios que, no seu caso, corresponda.

2. Quedan excluídos, en todo caso, da prestación farmacéutica os cosméticos ou produtos de utilización cosmética, dietéticos e produtos de réxime, augas minerais, elixires bucodentais, dentífrico, artigos de confeitaría medicamentosa, xabóns medicinais, especialidades farmacéuticas publicitarias e demais produtos similares, así como todos aqueles que, segundo a normativa sanitaria vixente en cada momento, estean ou sexan excluídos do financiamento con cargo a fondos da Seguridade Social ou fondos estatais afectos á Sanidade.

Artigo 80. *Prescrición de medicamentos.*

1. Dentro do ámbito de aplicación a que se refire o artigo anterior, os facultativos que teñan ó seu cargo a asistencia sanitaria poderán prescribir, de acordo coas instrucións que para o efecto estableza a Dirección Xeral da mutualidade, calquera especialidade farmacéutica, fórmulas maxistrais, efectos e accesorios farmacéuticos e outros produtos sanitarios recoñecidos pola lexislación sanitaria vixente que sexan convenientes para a recuperación da saúde dos seus pacientes.

2. A prescrición efectuarase no modelo de receita oficial establecido pola mutualidade, e con suxeición ó previsto no Real Decreto 1910/1984, do 26 de setembro, de receita médica, as súas modificacións posteriores e demais normas de desenvolvemento, sen prexuízo das peculiaridades establecidas para este réxime especial.

Artigo 81. *Dispensa de medicamentos.*

1. A dispensa de medicamentos efectuarase:

a) A través dos establecementos sanitarios ós que corresponda a prestación da asistencia sanitaria ou por outros medios das entidades ou establecementos públicos ou privados responsables da devandita asistencia, sempre de acordo co establecido no artigo 103 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade e no artigo 3 da Lei do Medicamento.

b) Nos supostos non contemplados no apartado anterior, directamente pola mutualidade ou a través das oficinas de farmacia legalmente establecidas. Para este fin, a Mutualidade Xeral poderá celebra-los

oportunos concertos, que establecerán a forma e condicións de facturación e pago en que se efectuará a dispensa.

2. A dispensa dos medicamentos estranxeiros a importación dos cales fose autorizada polo Ministerio de Sanidade e Consumo efectuarase a través do procedemento que este estableza para o efecto.

3. A dispensa poderá someterse ó cumprimento dos requisitos previos que estableza a mutualidade e efectuarase de acordo co establecido na normativa sanitaria vixente e, en especial, no artigo 94.6 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do Medicamento.

Artigo 82. Tipo de achega económica.

1. A dispensa de medicamentos será gratuíta en:

a) Os tratamentos que se realicen nos establecementos sanitarios e demais medios previstos no parágrafo a) do apartado 1 do artigo anterior.

b) Os medicamentos que deban ser subministrados polos servizos de farmacia hospitalaria.

c) Aqueles tratamentos que teñan a súa orixe en accidente en acto de servizo ou enfermidade profesional. Neste último caso, se se aboase algún importe, procederá o seu reintegro.

2. Nos demais casos, os beneficiarios participarán mediante o pagamento dun 30 por cento do prezo de venda ó público dos medicamentos e demais produtos sanitarios, sen prexuízo daqueles supostos en que a normativa sanitaria vixente estableza outra cantidade porcentual ou un tope máximo de participación na dispensa.

3. Estas porcentaxes e contías poderán ser revisados polo Goberno, por proposta do Ministro de Administracións Públicas e logo do informe dos Ministerios de Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo.

Artigo 83. Obriga de conservación, custodia e utilización lexítima dos talonarios de receitas.

1. Conservación, custodia e utilización dos talonarios de receitas médicas é responsabilidade do mutualista.

2. A perda ou subtracción dos talonarios de receitas, esta última debidamente denunciada, comunicaranse inmediatamente á Mutualidade Xeral, solicitando o oportuno xustificante de efectua-la comunicación.

3. A conservación, custodia e utilización dos talonarios de receitas para estupefacientes e psicótropos axustarase ó cumprimento das obrigas particulares establecidas na súa lexislación especial.

Artigo 84. Control e seguimento do consumo de medicamentos.

1. A Mutualidade Xeral coidará de que a prescrición e dispensa de medicamentos se efectúen de acordo cos criterios básicos de uso racional considerados na Lei 25/1990, do 20 de decembro, do Medicamento, e as súas disposicións de desenvolvemento.

2. A tal fin promoverá a realización, con carácter periódico, das actuacións necesarias en orde á detección de indicios racionais de consumo abusivo de medicamentos e da utilización de receitas por enriba dos límites estimados como usuais.

3. Sen prexuízo das medidas concretas que, en cada caso, proceda adoptar, se da investigación practicada se deducise algún tipo de responsabilidade penal, porase, ós efectos procedentes, en coñecemento do Ministerio Fiscal.

SECCIÓN 7.ª UTILIZACIÓN DE SERVICIOS SANITARIOS FÓRA DO TERRITORIO NACIONAL

Artigo 85. *Asistencia sanitaria prestada fóra do territorio nacional.*

A utilización de servizos sanitarios no estranxeiro dará dereito, en condicións de equivalencia coa asistencia sanitaria prestada dentro do territorio nacional, á cobertura dos gastos ocasionados con motivo da devandita asistencia, nos termos, condicións e formas de xestión que se establezan pola mutualidade.

Artigo 86. *Asistencia sanitaria ós mutualistas destinados no estranxeiro.*

1. No caso dos mutualistas destinados no estranxeiro e os seus beneficiarios, a Mutualidade Xeral establecerá as modalidades de prestación de asistencia sanitaria que lles corresponda, logo do informe, no seu caso, do Ministerio de Asuntos Exteriores.

2. A Mutualidade Xeral poderá estende-la modalidade de asistencia sanitaria establecida no apartado anterior a outros casos de mutualistas e beneficiarios con residencia no estranxeiro.

Artigo 87. *Asistencia sanitaria ós mutualistas e beneficiarios que se despracen temporalmente ó estranxeiro.*

1. Cando un mutualista ou beneficiario se desprace ó estranxeiro por calquera causa e reciba asistencia sanitaria, terá dereito ó reintegro de gastos ocasionados pola devandita asistencia, salvo as seguintes excepcións:

a) Que a asistencia recibida ou os gastos reclamados estean incluídos nalgún tipo de cobertura sanitaria no exterior, a cargo dun ente público ou privado, nacional ou estranxeiro.

b) Que da apreciación da patoloxía de que se trate e demais circunstancias de toda orde concorrentes se constate un propósito intencionado do mutualista ou beneficiario para eludi-los servizos sanitarios que lle correspondan, utilizando o desprazamento para usar medios alleos a estes.

2. Corresponderá ó mutualista ou ó seu beneficiario informarse na mutualidade das condicións e procedementos a seguir para recibi-la asistencia sanitaria que puidese necesitar no país onde se vaia desprazar.

3. Compete á Mutualidade Xeral defini-los límites do carácter temporal do desprazamento, así como a documentación a achegar para solicita-lo reintegro de gastos.

CAPÍTULO VI

Prestacións por incapacidade temporal e por risco durante o embarazo

SECCIÓN 1.ª SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL

Artigo 88. *Continxencias protexidas.*

1. Teñen a consideración de estados ou situacións determinantes de incapacidade temporal:

a) Os debidos a enfermidade común ou profesional e accidente, sexa ou non en acto de servizo, mentres o funcionario mutualista reciba asistencia sanitaria e se atope impedido para a realización das súas funcións administrativas.

b) Os períodos de observación por enfermidade profesional nos que se prescriba a baixa no servizo durante estes.

2. Non teñen a consideración de incapacidade temporal os permisos ou licencias por parto, adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente, establecidos no apartado 3 do artigo 30 da Lei

30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública. Se ó termo do permiso por parto continuase a imposibilidade de incorporarse ó traballo, iniciaranse as licencias que dan lugar á incapacidade temporal.

3. A situación de risco durante o embarazo rexerese polo disposto na sección 3.^a deste capítulo. A situación de incapacidade temporal quedará interrompida en caso de iniciarse a situación de risco durante o embarazo.

Artigo 89. Situación de incapacidade temporal.

1. Os funcionarios que, de conformidade co establecido no artigo 69 do texto articulado da Lei de Funcionarios Civís do Estado, aprobado polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, obtiveran licencias por enfermidade ou accidente que impidan o normal desempeño das funcións públicas, atoparanse na situación de incapacidade temporal.

2. Así mesmo, atoparanse na devandita situación os funcionarios que obtivesen licenza a consecuencia de atoparse en período de observación médica en caso de enfermidades profesionais.

Artigo 90. Actuacións dos órganos de persoal.

1. A concesión das licencias e o seu control corresponderá ós órganos administrativos determinados polas normas de competencia en materia de xestión de persoal, co asesoramento facultativo que, no seu caso, estimen oportuno.

2. Para a procedencia das prórrogas previstas no artigo seguinte, o órgano competente deberá solicita-lo oportuno informe facultativo en que se acrediten as circunstancias esixidas en cada caso para a súa concesión.

3. En calquera momento en que se prevexa que a enfermidade ou lesión por accidente impedirá definitivamente o desempeño das funcións públicas e, en todo caso, antes de que transcorra o prazo a que se refire o apartado 1 do artigo seguinte, iniciarase, polo órgano de xubilación competente, de oficio ou a instancia do interesado, o procedemento de xubilación por incapacidade permanente para o servizo. Por orde do Ministro de Administracións Públicas estableceranse os mecanismos necesarios para coordina-las actuacións da mutualidade e os do órgano de xubilación.

Artigo 91. Duración da situación de incapacidade temporal.

1. A duración da situación de incapacidade temporal será a establecida para o Réxime Xeral da Seguridade Social.

2. A situación de incapacidade temporal sinalada no parágrafo a) do apartado 1 do artigo 88 deste regulamento terá unha duración máxima de 12 meses, prorrogables por outros seis cando se presuma que durante eles poida o funcionario ser dado de alta médica por curación.

3. Os períodos de observación referidos no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 88 terán unha duración máxima de seis meses, prorrogables por outros seis cando se estime necesario para o estudio e diagnóstico da enfermidade.

4. Para os efectos de cómputo de prazos, considerarase que existe nova enfermidade cando o proceso patolóxico sexa diferente e, en todo caso, cando se interrompa a concesión das licencias durante un mínimo dun ano. As distintas e sucesivas patoloxías darán dereito ó inicio dun novo período de incapacidade temporal que, no seu caso, porá fin a aquel que estivese en curso.

5. A duración da primeira e sucesivas licencias será polo tempo previsiblemente necesario para a curación, co máximo dun mes cada unha delas.

6. Os períodos de recaída que concorran na situación de incapacidade temporal computaranse para os efectos da duración máxima desta. Entenderase que existe recaída e, polo tanto, non se inicia unha nova situación de incapacidade temporal, cando o mutualista, a licenza do cal por enfermidade concluíra, volva a necesitar asistencia sanitaria e a estar incapacitado para o servizo dentro do prazo dun ano dende que se produciu a conclusión da devandita licenza por enfermidade e a consecuencia do mesmo proceso patolóxico que determinase a súa anterior incapacidade ou dun proceso similar.

7. Os períodos de observación previos ó diagnóstico computaranse para os efectos da duración da incapacidade temporal, tanto se o diagnóstico médico confirma a existencia dunha enfermidade profesional, coma se se trata dunha enfermidade común. Ó termo do prazo máximo de duración dos períodos de observación, incluídas as prórrogas, o funcionario pasará á situación que proceda ou continuará en incapacidade temporal.

Artigo 92. Extinción da situación de incapacidade temporal.

1. A situación de incapacidade temporal extínguese, de acordo co establecido para o Réxime Xeral da Seguridade Social:

a) Polo transcurso dos prazos máximos establecidos no artigo anterior, incluídas as prórrogas, se proceden.

b) Pola finalización da licenza por enfermidade que estivese en curso.

c) Pola declaración de xubilación por incapacidade permanente para o servizo.

d) Pola xubilación forzosa ou voluntaria do funcionario.

e) Polo falecemento do funcionario.

2. Cando a extinción da incapacidade temporal se producise polo transcurso do prazo máximo establecido, prorrogaranse os efectos da situación de incapacidade temporal ata o momento da declaración da xubilación por incapacidade permanente, sen que esta poida ter lugar, en ningún caso, unha vez superados os 30 meses a contar dende a concesión da primeira licenza por enfermidade.

3. Así mesmo, naqueles supostos en que, continuando a necesidade de tratamento médico, a situación clínica do interesado fíxese aconsellable demora-la posible cualificación do estado do funcionario como incapacitado con carácter permanente para as funcións propias do seu corpo ou escala, tal cualificación poderá atrasarse polo período preciso, sen supera-lo prazo sinalado no apartado anterior.

Artigo 93. Prestación económica.

1. Na situación de incapacidade temporal, o funcionario terá os seguintes dereitos económicos:

a) Durante os tres primeiros meses, terá dereito ó cobro da totalidade dos dereitos económicos, nos termos previstos no artigo 69 do texto articulado da Lei de Funcionarios Civís do Estado.

b) A partir do cuarto mes, e mentres dure a devandita situación, terá dereito ó cobro das retribucións básicas, da prestación por fillo a cargo, no seu caso, e a un subsidio por incapacidade temporal a cargo da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, de contía fixa e invariable, que se calculará de conformidade co establecido neste regulamento.

2. Para os efectos do establecido neste artigo, as remuneracións a percibir polo funcionario ás que se refire o apartado anterior aboaranse con cargo ós mesmos conceptos orzamentais polos que se viñan percibindo no momento de concederse a primeira licenza por enfermidade.

SECCIÓN 2.ª SUBSIDIO POR INCAPACIDADE TEMPORAL

Artigo 94. Beneficiarios do subsidio por incapacidade temporal.

Son beneficiarios do subsidio por incapacidade temporal, os funcionarios mutualistas que, atopándose na devandita situación, teñan acreditado un período de cotización de seis meses, salvo que teñan cuberta esta continxencia por outro réxime de Seguridade Social, organismo ou institución, pola mesma relación de servizos.

Artigo 95. Nacemento e duración do dereito ó subsidio.

1. O dereito ó subsidio por incapacidade temporal nace a partir do día en que finalice o prazo de tres meses a que se refire o apartado 1 do artigo 69 do texto articulado da Lei de Funcionarios Civís do Estado.

2. O subsidio aboarase mentres o beneficiario se atope en situación de incapacidade temporal e durante a prórroga dos efectos desta situación.

Artigo 96. Extinción do dereito ó subsidio.

O dereito ó subsidio por incapacidade temporal extínguese:

a) Polas causas establecidas nos parágrafos b), c), d) e e) do apartado 1 do artigo 92 deste regulamento.

b) Por deixar de reuni-los requisitos esixibles para ser beneficiario da prestación.

c) Polo inicio dunha nova situación de incapacidade temporal.

d) En todo caso, polo transcurso do prazo máximo de 30 meses dende a data en que se iniciara a situación de incapacidade temporal.

Artigo 97. Anulación e suspensión do dereito ó subsidio.

1. O dereito ó subsidio por incapacidade temporal poderá ser anulado ou suspendido:

a) Cando o beneficiario actuase de forma fraudulenta para obter ou conserva-la devandita prestación.

b) Cando o beneficiario traballe por conta propia ou allea durante a situación de incapacidade temporal.

2. Tamén poderá ser suspendido o dereito ó subsidio cando o beneficiario, sen causa razoable, rexeite ou abandone o tratamento que lle fose indicado.

3. Nestes casos, a Mutualidade Xeral dará traslado da resolución recaída ó órgano de persoal que concedese a licenza, a tódolos efectos que puidesen proceder.

Artigo 98. Contía do subsidio.

1. A contía do subsidio por incapacidade temporal será fixa e invariable mentres dure a devandita situación e consistirá na maior das dúas cantidades seguintes:

a) O 80 por cento das retribucións básicas correspondentes ó primeiro mes de licenza. As retribucións básicas comprenden o soldo, trienios e grao, no seu caso, incrementados na sexta parte dunha paga extraordinaria.

b) O 75 por cento das retribucións complementarias devengadas no primeiro mes de licenza.

2. Consideraranse devengadas no primeiro mes de licenza aquelas retribucións, básicas e complementarias, que haxan de ser imputadas ó devandito mes en virtude de disposición ou acto administrativo que así o recoñeza, con independencia do momento en que se produza a súa percepción.

3. Se se acreditasen retribucións complementarias con periodicidade superior á mensual, para o cálculo do subsidio imputarase ó mes en que se iniciou a primeira licenza a parte alícuota que corresponda das devanditas retribucións.

4. A contía íntegra do subsidio, calculada de acordo cos apartados anteriores, considerada en cómputo mensual, non poderá dar lugar a que, sumada ás remuneracións que o funcionario siga recibindo con cargo ó seu destino, consideradas nas contías que tivese acreditadas no primeiro mes da situación de incapacidade temporal, se obteña un resultado que exceda das percepcións totais íntegras devengadas e imputadas ó primeiro mes de licenza.

5. Sen prexuízo do seu aboamento, de acordo coa súa normativa reguladora, non se terán en conta para o cálculo do subsidio:

a) As gratificacións por servizos extraordinarios previstas no artigo 23.3.d) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

b) A indemnización por residencia regulada no Decreto 361/1971, do 18 de febreiro, e no Real Decreto 3393/1981, do 29 de decembro.

c) As indemnizacións por razón do servizo a que se refire o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio.

6. Naqueles casos en que a licenza non comprenda un mes natural completo, o importe do subsidio será o parte proporcional equivalente ós días da súa concesión.

Artigo 99. *Pagamento do subsidio.*

1. O pagamento do subsidio por incapacidade temporal correrá a cargo da Mutualidade Xeral, logo da certificación das retribucións do funcionario remitida pola habilitación correspondente.

2. Con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto no apartado 6 do artigo 98 deste regulamento para o cálculo do subsidio, o pagamento efectuarase por mensualidades naturais, con independencia da data na que se materialice a orde de pagamento pola Mutualidade Xeral.

Artigo 100. *Réxime de incompatibilidades do subsidio por incapacidade temporal.*

1. O subsidio por incapacidade temporal con cargo á Mutualidade Xeral será único e incompatible con calquera outro que se puidese xerar pola mesma relación de servizos, con cargo a calquera réxime público de Seguridade Social.

2. Aplicaranse para os efectos de incompatibilidades as prescricións efectuadas respecto á incapacidade temporal no artigo 5.2 da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

SECCIÓN 3.^a SITUACIÓN DE RISCO DURANTE O EMBARAZO

Artigo 101. *Situación de risco durante o embarazo.*

1. Terá a mesma consideración e efectos que a incapacidade temporal, a situación da muller funcionaria que obtivese licenza por risco durante o embarazo, segundo o previsto no artigo 22 do texto refundido e cumprise o período de carencia considerado no artigo 94 deste regulamento para os beneficiarios do subsidio por incapacidade temporal por enfermidade e accidente comúns.

2. A situación de risco durante o embarazo finalizará cando conclúa a última licenza pola devandita continxencia, xa porque comece o permiso por parto considerado no artigo 30.3 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, xa porque se produza a reincorporación da funcionaria á súa función habitual ou a outra compatible co seu estado, ou xa por declaración da situación de incapacidade temporal.

CAPÍTULO VII

Prestacións por incapacidade permanente

SECCIÓN 1.^a INCAPACIDAD PERMANENTE: CONCEPTO E GRAOS

Artigo 102. *Concepto e graos de incapacidade permanente.*

1. É incapacidade permanente a situación do funcionario que, despois de estar sometido ó tratamento prescrito e de ser dado de alta medicamente, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves que diminúan ou anulen a súa capacidade para o servizo. Non obstará a tal cualificación a posibilidade de recuperación da capacidade de traballo do incapacitado, se a devandita posibilidade se estima medicamente como incerta ou a longo prazo. A incapacidade permanente haberá de derivarse, calquera que sexa a súa causa, da situación de incapacidade temporal.

2. A definición e clasificación dos distintos graos de incapacidade permanente son as que se determinan no artigo 23 do texto refundido.

Artigo 103. *Declaración, efectos e prestacións da incapacidade permanente parcial.*

1. O funcionario mutualista será declarado en situación de incapacidade permanente parcial para a función habitual cando sufra unha limitación para o desempeño das funcións do seu corpo, escala ou praza, determinada polo órgano de valoración competente, que alcance os valores a que se refire o apartado 3 do artigo 137 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

2. Cando a incapacidade permanente parcial teña a súa orixe en enfermidade ou accidente comúns, os efectos do seu recoñecemento serán, por un lado, que o funcionario percibirá a totalidade dos haberes que correspondan ó posto de traballo que efectivamente desempeñe e, por outro, que, se existen posibilidades razoables de recuperación, estará obrigado a someterse ós procesos de recuperación profesional, que consistirán en:

a) O tratamento sanitario axeitado, especialmente a rehabilitación física e funcional á que alude o apartado 2 do artigo 65 deste regulamento.

b) Outras prestacións de recuperación dirixidas á rehabilitación profesional do funcionario, que poidan implantarse pola Mutualidade Xeral, tendo en conta as establecidas para o Réxime Xeral da Seguridade Social.

3. Cando a causa da incapacidade permanente parcial sexa un accidente en acto de servizo ou como consecuencia del, ou unha enfermidade profesional, o funcionario, ademais de aplicárselle o establecido no apartado anterior, terá dereito a percibi-la indemnización que se establece no parágrafo b) do artigo 110 deste regulamento.

4. A declaración da situación de incapacidade permanente parcial, efectuado pola Mutualidade Xeral, quedará anulada automaticamente cando se recoñeza a xubilación por incapacidade permanente para o servizo por parte dos órganos competentes do Réxime de Clases Pasivas do Estado.

Igualmente, tralo recoñecemento dunha situación de incapacidade permanente para o servizo polos órganos competentes do Réxime de Clases Pasivas do Estado, non procederá a apreciación, por parte da Mutualidade Xeral, do grao de incapacidade permanente parcial.

SECCIÓN 2.^a GRAN INVALIDEZ

Artigo 104. *Situacións determinantes da grande invalidez.*

A grande invalidez é a situación na que o mutualista xubilado por incapacidade permanente para o servizo se atopa afectado por algunha das seguintes circunstancias:

a) A perda total da visión de ámbolos dous ollos.

b) A perda anatómica ou funcional, total ou nos seus partes esenciais, das dúas extremidades superiores ou das dúas inferiores, conceptuándose como partes esenciais o pé e a man.

c) Calquera outra perda anatómica ou funcional que comporte a necesidade do mutualista de ser asistido por outra persoa para realiza-los actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

Artigo 105. *Declaración e revisión da grande invalidez.*

1. Cando o feito causante da grande invalidez concorre no momento da xubilación do funcionario por incapacidade permanente para o servizo, a declaración de grande invalidez adaptarase ós requisitos de límite de idade que se tivesen en conta para declara-la devandita xubilación.

2. Se a grande invalidez sobreviñese con posterioridade á xubilación por incapacidade permanente para o servizo, a declaración poderá efectuarse mentres o mutualista non cumprira a idade fixada legalmente para a xubilación forzosa dos funcionarios do seu corpo, escala ou praza, ou ben mentres se atope no período que lle faltase para completa-la prórroga no servizo activo, que lle sería concedida de acordo co establecido no artigo 28.2 a), segundo parágrafo, do Real Decreto Lexislativo 670/1987, do 30 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado.

3. As resolucións que se diten en asuntos de declaración e de revisión da grande invalidez serán motivadas e sinalarán o prazo a partir do cal se poderá formula-la modificación da situación por elas establecida.

O devandito prazo quedará sen efecto no caso de que o novo procedemento se basee en reducións anatómicas ou funcionais distintas ás que motivaron a resolución anterior, así como nos supostos en que se producise erro de diagnóstico.

4. No suposto de resolverse de forma desestimatoria unha solicitude de declaración de grande invalidez e de que se produza un agravamento nas reducións anatómicas ou funcionais sobre as que versou tal procedemento, non se poderá instar novamente a devandita declaración ata que non transcorra o prazo que se indique, para tal efecto, na resolución desestimatoria.

5. A revisión da declaración da grande invalidez pode efectuarse como consecuencia dunha melloría nas reducións anatómicas ou funcionais que deron orixe á grande invalidez ou por erro de diagnóstico, mentres o mutualista se atope nalgunha das circunstancias temporais relacionadas no anterior apartado 2, e sempre que transcorrese o prazo indicado na resolución pola que se declarase a grande invalidez.

En caso de rehabilitación do mutualista na súa condición de funcionario, por desaparición da causa que motivou a xubilación por incapacidade permanente para o servizo, o dereito á prestación de grande invalidez extinguirase automaticamente, cos efectos da devandita rehabilitación.

Artigo 106. *Prestación por grande invalidez.*

1. O mutualista declarado grande inválido terá dereito a unha prestación económica de carácter mensual, incluídas dúas pagas extraordinarias ó ano, a cargo da Mutualidade Xeral, destinada a remunerar á persoa encargada da súa asistencia, equivalente ó 50 por cento da pensión de xubilación que lle

corresponda conforme á cantidade íntegra que se lle acredite en nómina polo Réxime de Clases Pasivas do Estado en cada momento.

No caso de que esta pensión do Réxime de Clases Pasivas fose diminuída por concurrencia con outras pensións públicas, para determina-lo importe da prestación de grande invalidez tomarase como base a que corresponda en cada momento ó mutualista como pensión do devandito réxime, unilateralmente considerada, tendo en conta que esta nunca poderá supera-lo límite máximo establecido para as pensións públicas pola correspondente Lei de Presupostos Xerais do Estado.

2. O mutualista que non cause dereito a pensión de xubilación por incapacidade permanente para o servizo polo Réxime de Clases Pasivas, ademais de posuí-los restantes requisitos, terá que acreditar un período previo de cotización de nove anos, para ter dereito a ser declarado grande inválido e á conseguinte prestación.

3. No suposto contemplado no apartado anterior, a porcentaxe a que se refire o apartado 1 deste mesmo artigo aplicarase sobre a cantidade íntegra que se lle acredite, en cada momento, polo réxime público de Seguridade Social correspondente, na nómina de pensión equivalente á de xubilación por incapacidade permanente para o servizo, excluído, se o houbese, o incremento por grande invalidez. No seu defecto, dita porcentaxe calcularase sobre unha base configurada polo resultado de dividir entre doce a suma dos soldos, trienios efectivamente completados e pagas extraordinarias correspondentes a un ano, valorados de acordo coas contías en vigor no mes en que se producise a xubilación ou, de non estar en activo no devandito mes, as que correspondese acreditálo.

Artigo 107. *Efectos económicos da prestación por grande invalidez.*

1. Se a existencia da grande invalidez concorre no momento da xubilación por incapacidade permanente para o servizo, a prestación por grande invalidez aboarase cos efectos económicos da devandita pensión.

No suposto de que o recoñecemento da grande invalidez se instase unha vez transcorridos cinco anos dende o día seguinte á recepción da notificación relativa á declaración de xubilación por incapacidade permanente para o servizo, os efectos económicos da prestación de grande invalidez produciranse a partir do día primeiro do mes seguinte ó de presentación da solicitude.

2. Cando a grande invalidez non concorre no momento da xubilación por incapacidade permanente para o servizo, os efectos económicos desta produciranse o día primeiro do mes seguinte á data de presentación da solicitude de recoñecemento da grande invalidez.

No caso de que o ditame do órgano de valoración competente acredite como data de consolidación da patoloxía que deu orixe á grande invalidez unha que sexa anterior á de presentación da solicitude de recoñecemento deste grao de incapacidade permanente, os efectos económicos da prestación retrotraeranse, como máximo, ó primeiro día do terceiro mes anterior á data de presentación da devandita solicitude.

3. Se o recoñecemento da grande invalidez non puidese efectuarse, por causa imputable ó interesado, dentro dos cinco anos contados a partir do día da presentación da solicitude, os efectos económicos da prestación de grande invalidez produciranse a partir do día primeiro do mes seguinte á data en que o interesado emendase os defectos a el imputables.

Artigo 108. *Réxime de incompatibilidades.*

1. Sen prexuízo doutras situacións xerais ou específicas de incompatibilidade establecidas neste regulamento, a prestación económica para a remuneración da persoa encargada da asistencia ó grande inválido será incompatible con calquera outra prestación ou pensión dirixida á mesma finalidade, outorgada por un réxime público de Seguridade Social.

2. Non obstante, non existirá incompatibilidade cando o interesado causase pensión por incapacidade permanente para o servizo neste réxime especial e outra, de carácter equivalente, noutro réxime público de Seguridade Social, e en ámbolos dous tivese dereito a que lle fose recoñecido o grao de grande invalidez.

SECCIÓN 3.^a LESIONES PERMANENTES NON INVALIDANTES

Artigo 109. *Concepto.*

As lesións, mutilacións e deformidades, así como as limitacións para o desempeño das funcións do corpo, escala ou praza a que pertenza o mutualista causadas por enfermidade profesional ou en acto de servizo ou como consecuencia del, sexa por accidente ou por risco específico do cargo, que teñan carácter definitivo e que, sen chegar a supoñer a xubilación do funcionario por incapacidade permanente para o servizo, constitúan unha alteración ou diminución da integridade física deste, darán dereito á percepción, por unha soa vez, dunha indemnización, de acordo coas cantidades que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 110. *Prestación.*

A indemnización por lesións permanentes non invalidantes consiste no aboamento, por unha soa vez, dunha das dúas cantidades seguintes, segundo proceda:

a) A contía que corresponda como resultado da aplicación do baremo establecido para o Réxime Xeral da Seguridade Social, sempre que se trate de lesións que non constitúan incapacidade permanente en ningún dos seus graos e aparezan recollidas neste.

b) Se as lesións son constitutivas dunha incapacidade permanente parcial para a función habitual, a cantidade a aboar será a equivalente a 24 mensualidades da base de cotización ó mutualismo administrativo vixente no mes da primeira licenza por enfermidade ou, no seu defecto, no mes en que se produciu o accidente ou se diagnosticou a enfermidade que deu lugar ás reducións anatómicas ou funcionais.

Para o cálculo do importe desta indemnización ratearanse as bases de cotización correspondentes ás pagas extraordinarias de xuño e decembro.

Artigo 111. *Compatibilidades.*

Se como consecuencia dun accidente en acto de servizo ou dunha enfermidade profesional se producisen lesións ou deformidades das reguladas nesta sección, que sexan totalmente independentes das que produciron as reducións anatómicas ou funcionais que foron tomadas en consideración para declara-la xubilación por incapacidade permanente para o servizo, a indemnización que corresponda polas referidas lesións ou deformidades será compatible coa pensión orixinada pola devandita incapacidade permanente e, no seu caso, coa prestación para a remuneración da persoa encargada da asistencia ó grande inválido do mutualismo administrativo.

Artigo 112. *Prescrición.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 53 deste regulamento respecto ó prazo xeral de prescrición do dereito ás prestacións, nos casos de recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidade profesional ou de accidente en acto de servizo ou como consecuencia del, e de recoñecemento da indemnización por lesións permanentes non invalidantes, dito prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que as lesións, mutilacións ou deformidades alcanzasen o carácter de definitivas.

SECCIÓN 4.^a NORMAS COMÚNS A TODO O CAPÍTULO

Artigo 113. *Concepto de función habitual para os efectos das prestacións por incapacidade permanente.*

Para os efectos do establecido neste capítulo, entenderase por función habitual, en caso de accidente, sexa ou non en acto de servizo, a desempeñada normalmente polo funcionario ó tempo de sufrilo, e en caso de enfermidade, común ou profesional, aquela á que o funcionario dedicase a súa actividade fundamental durante os 12 meses anteriores á data de iniciación da incapacidade temporal da que se derive a incapacidade permanente ou, no seu defecto, durante os 12 meses anteriores á data en que se diagnosticou a enfermidade que deu lugar ás reducións anatómicas ou funcionais.

Artigo 114. *Beneficiarios das prestacións por incapacidade permanente.*

Ademais dos requisitos xerais a que se alude no artigo 49 deste regulamento, para causar dereito ás prestacións a que se refire este capítulo, os funcionarios mutualistas deberán reuni-los requisitos do apartado 1 do artigo 102. Non se esixirá, sen embargo, a procedencia da situación de incapacidade temporal para causar dereito á prestación por lesións permanentes non invalidantes a que se refire a sección 3.^a deste capítulo.

Artigo 115. *Extinción do dereito ás prestacións por incapacidade permanente.*

As prestacións por incapacidade permanente extinguiranse no grao recoñecido:

- a) Por revisión da situación, ben con extinción da incapacidade permanente ou con perda do grao anteriormente asignado.
- b) Por exercicio da opción efectuada polo beneficiario en caso de incompatibilidade con outras prestacións ás que puidese ter dereito.
- c) Por falecemento do beneficiario.

Artigo 116. *Declaración e revisión dos graos de incapacidade permanente. Recoñecemento, anulación e suspensión do dereito ás prestacións.*

1. A declaración e revisión dos graos de incapacidade permanente desenvolvidos neste capítulo corresponderá á Mutualidade Xeral. Igualmente, corresponderá á Mutualidade Xeral o recoñecemento, anulación e suspensión do dereito ás prestacións derivadas de tales graos de incapacidade permanente.

2. O dereito ás prestacións poderá ser anulado ou suspendido:

- a) Cando o beneficiario actúe fraudulenta para obter ou conserva-lo dereito a estas.
- b) Cando a incapacidade permanente sexa debida ou se agravase a consecuencia de ter rexeitado ou abandonado o beneficiario, sen causa razoable, o tratamento sanitario que lle fose indicado durante as situacións de incapacidade temporal ou da propia incapacidade permanente.
- c) Cando o beneficiario, sen causa razoable, rexeitase ou abandonase os tratamentos ou procesos de recuperación e rehabilitación procedentes.

Artigo 117. *Pagamento das prestacións por incapacidade permanente.*

O pagamento das prestacións económicas por incapacidade permanente a cargo da Mutualidade Xeral poderá ser periódico, e neste caso farase efectivo por mensualidades naturais vencidas, ou por unha soa vez, segundo corresponda.

CAPÍTULO VIII

Prestacións de protección á familia

SECCIÓN 1.^a PRESTACIONES

Artigo 118. Modalidades das prestacións.

A Mutualidade Xeral, no ámbito de protección á familia, outorgará as seguintes prestacións:

- a) As prestacións familiares por fillo a cargo discapacitado, que serán de pagamento periódico.
- b) As axudas económicas nos casos de parto múltiple, de pagamento único, que consistirán nun subsidio especial por maternidade e nunha prestación económica.

SECCIÓN 2.ª PRESTACIÓN POR FILLO A CARGO MINUSVÁLIDO

Artigo 119. Características.

1. A prestación por fillo a cargo discapacitado recoñecerase nos mesmos termos e condicións que os previstos para o Réxime Xeral da Seguridade Social, correspondendo á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, no ámbito do seu colectivo, o recoñecemento do dereito a ela e a súa xestión.

2. Cando se trate da prestación contemplada na disposición adicional novena do texto refundido, a contía da cal fose superior á que se recoñecese para o mesmo beneficiario de acordo co apartado anterior, aquela manterá o seu exceso e este irase absorbendo polos aumentos que se produzan na prestación por fillo a cargo discapacitado.

SECCIÓN 3.ª SUBSIDIO ESPECIAL POR MATERNIDADE NO SUPOSTO DE PARTO MÚLTIPLE

Artigo 120. Características.

1. Os mutualistas, nos casos de maternidade por parto múltiple, terán dereito a un subsidio, na contía sinalada no artigo 122 deste regulamento.

2. Causarán este subsidio:

a) Os fillos nados no mesmo parto, cando o seu número sexa igual ou superior a dous.

b) Os menores que, de xeito concorrente, fosen adoptados ou acollido, tanto na súa modalidade preadoptiva como permanente, sempre que o seu número sexa igual ou superior a dous e que neles se dean as circunstancias que se sinalan no artigo 30.3 da Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública.

3. Considérase data do feito causante o do parto. No caso de adopción, a da resolución xudicial pola que se constitúe a mesma e, no caso de acollemento, tanto preadoptivo como permanente, a da decisión administrativa ou xudicial pola que se establece o acollemento.

Artigo 121. Beneficiarios do subsidio.

1. En caso de parto poderá ser beneficiaria tanto a nai como o pai, de acordo coa opción escollida pola nai, sempre que ámbolos dous proxenitores sexan mutualistas e completasen un período mínimo de cotización a MUFACE de seis meses, con carácter previo á ocorrencia do feito causante.

2. Nos casos de adopción ou acollemento múltiples, o beneficiario do subsidio será decidido libremente por ámbolos dous adoptantes ou acolledores, sempre que ámbolos dous fosen mutualistas e, por reuni-los requisitos sinalados no apartado anterior, tivesen dereito a tal subsidio. A falta de acordo, será beneficiaria a nai.

3. Tanto nun coma noutro suposto, deberase manifestar expresamente quen será beneficiario, cando un dos proxenitores ostente a consideración de mutualista de MUFACE e o outro puidese ter dereito ó subsidio a través dalgún réxime público de Seguridade Social.

4. Poderá ser, tamén, beneficiario do subsidio o pai, adoptante ou acolledor, sempre que cumpra os requisitos de afiliación sinalados no apartado 1, nos seguintes supostos:

a) Cando a nai, adoptante ou acollidora, non tivese dereito ó subsidio a través dalgún réxime público de Seguridade Social.

b) Cando se produza o falecemento da nai, adoptante ou acollidora, antes de que ela solicitase o subsidio ou manifestase a súa opción a favor do pai, adoptante ou acolledor. Neste suposto, o pai, adoptante ou acolledor, deberá comprometerse a non exercer tal dereito en nome da falecida.

5. O dereito a ser beneficiario deste subsidio non se verá limitado pola situación administrativa na que se atope o mutualista.

Artigo 122. Contía do subsidio.

A contía do subsidio será a 100 por cento da base de cotización á Mutualidade Xeral que corresponda ó día do feito causante, aplicada ó período de seis semanas de descanso obrigatorio e calculada en función do número de fillos habidos no mesmo parto ou de adoptados ou acollidos simultaneamente, a partir do segundo.

SECCIÓN 4.^a PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO, POR PARTO MÚLTIPLE

Artigo 123. Características.

1. En caso de parto múltiple, a Mutualidade Xeral outorgará unha prestación económica de pagamento único, na contía que figura no artigo 125.

2. Son causantes desta prestación as persoas que se indican no apartado 2 do artigo 120 deste regulamento, con excepción dos menores acollidos, tanto en réxime preadoptivo como permanente.

3. Considérase data do feito causante o do parto e, no caso de adopción, a da resolución xudicial pola que se constitúe a mesma.

Artigo 124. Beneficiarios da prestación.

1. Será beneficiario un solo dos pais ou adoptantes, que deberá ser mutualista na data do feito causante.

2. Se ámbolos dous pais reunisen os requisitos necesarios e convivisen, será beneficiario o que entre ámbolos dous designen de común acordo, que se manifestará mediante declaración expresa no momento da solicitude. A falta de acordo será beneficiaria a nai, e se non concorrese a circunstancia de convivencia será beneficiario o que tivese ó seu cargo a garda e custodia dos fillos.

3. Cando os suxeitos causantes sexan orfos de pai e nai ou estean abandonados, será beneficiario quen legalmente haxa de facerse cargo deles.

Artigo 125. Contía da prestación.

1. A contía da prestación económica por parto múltiple determinarase mediante a aplicación da táboa seguinte:

| Nº de fillos causantes | Nº de veces do importe mensual do salario mínimo interprofesional |
|------------------------|---|
| 2 | 4 |
| 3 | 8 |
| 4 e máis | 12 |

2. O importe do salario mínimo interprofesional será o vixente na data do feito causante.

SECCIÓN 5.^a NORMAS XERAIS PARA AS PRESTACIÓNS DE PROTECCIÓN Á FAMILIA

Artigo 126. *Pagamento das axudas económicas nos casos de parto múltiple.*

O pagamento dunha ou, no seu caso, de ámbalas dúas axudas económicas farase efectivo nun só aboamento.

Artigo 127. *Compatibilidades.*

As dúas axudas económicas nos casos de parto múltiple, causadas polos mesmos suxeitos, son compatibles entre si. Así mesmo, ámbalas dúas axudas son compatibles, no seu caso, coas prestacións por fillo a cargo discapacitado que puidesen corresponder.

Artigo 128. *Incompatibilidades.*

O mesmo feito causante dará lugar, exclusivamente, a percibir, por unha soa vez, cada un dos tipos de axudas económicas nos casos de parto múltiple, tanto con cargo a este réxime especial coma a calquera outro réxime do Sistema da Seguridade Social.

CAPÍTULO IX

servizos sociais e asistencia social

SECCIÓN 1.^a SERVICIOS SOCIAIS

Artigo 129. *Concepto.*

1. Enténdese por servizos sociais o conxunto de medidas protectoras deste réxime especial que atenden situacións ordinarias de necesidade non cubertas por outras prestacións.

2. As devanditas medidas protectoras incluírán, entre outras, os seguintes servizos sociais:

- a) Acción formativa.
- b) Asistencia ó pensionista.
- c) Prestacións por falecemento.
- d) Programas socio sanitarios.

3. A acción protectora deste réxime especial poderá incluír calquera outro servizo social que se presten por medio dos servizos da Seguridade Social ou que, non comprendidos nos apartados anteriores, se encontren establecidos no sistema da Seguridade Social.

4. A incorporación dos servizos sociais a que se refire o apartado anterior determinarase por orde do Ministro de Administracións Públicas, logo do informe do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, no que se regulará o seu alcance e réxime financeiro.

Artigo 130. *Acción formativa.*

1. Ten por finalidade posibilita-la promoción social e cultural, pola vía de estudos universitarios, dos mutualistas e dos seus fillos e orfos, mediante achegas económicas en forma de bolsas de estudo para mutualistas e bolsas de residencia para fillos e orfos de mutualistas, entre outras posibles modalidades.

2. A concreción das modalidades, as condicións específicas de acceso a estas, o número de bolsas ou axudas dentro de cada unha de elas, así como as contías correspondentes, fixaranse, para cada curso

académico, tendo en conta o crédito consignado a tal fin no presuposto da Mutualidade Xeral e mediante a oportuna convocatoria pública, que se efectuará por resolución da Dirección Xeral de MUFACE e se publicará no «Boletín Oficial do Estado».

Artigo 131. *Asistencia ó pensionista.*

1. Os mutualistas que se xubilen con carácter forzoso por razón de idade ou por incapacidade permanente para o servizo e que, no momento da xubilación, se atopen nalgunha das situacións administrativas previstas nos apartados 1 e 2 do artigo 9 deste regulamento, agás os suspensos firmes, causarán dereito a un subsidio de xubilación a cargo da Mutualidade Xeral.

2. A prestación económica consistirá na cantidade que resulte de multiplica-lo importe íntegro dunha mensuralidade ordinaria das retribucións básicas que lle correspondan ó funcionario no momento de producirse a súa xubilación por un coeficiente, que se fixará e revisará, no seu caso, mediante orde do Ministro de Administracións Públicas, en función das dispoñibilidades e previsións económicas da Mutualidade Xeral.

3. De acordo coas premisas anteriores, e igualmente por orde do Ministro de Administracións Públicas, poderá ampliarse o ámbito dos suxeitos causantes do subsidio de xubilación, así como establecerse outros posibles servizos ou axudas de asistencia ó pensionista.

Artigo 132. *Prestacións por falecemento.*

1. Comprenderán, entre outras posibles medidas e axudas, as seguintes:

- a) Subsidio por defunción.
- b) Axuda de enterro.

2. As devanditas axudas terán como límite os créditos consignados a tal fin no presuposto da Mutualidade Xeral.

Artigo 133. *Subsidio por defunción.*

1. O falecemento dun mutualista dará dereito á percepción, por unha soa vez, dun subsidio por defunción. A súa contía determinarase en función da idade do falecido, aplicando un módulo multiplicador, e cun mínimo garantido.

2. Poderán ser beneficiarios do subsidio os familiares e asimilados que se relacionan no apartado 1 do artigo 15, deste regulamento, sempre que cumpran o requisito sinalado no parágrafo a) do apartado 2 do devandito artigo.

3. Por orde do Ministro de Administracións Públicas regularanse os requisitos específicos para ser destinatario do subsidio, as normas concretas para establece-la prelación dos beneficiarios, así como o módulo multiplicador, a súa actualización e o importe mínimo garantido.

Artigo 134. *Axuda de enterro.*

1. O falecemento dun beneficiario ou o do titular dun documento asimilado ó de afiliación causará dereito á percepción, por unha soa vez, dunha axuda destinada a contribuír a sufragar os gastos do enterro. A súa contía se fixará e, no seu caso, actualizarase por orde do Ministro de Administracións Públicas.

2. Para estes efectos, presumirase a condición de beneficiario e, polo tanto, causará dereito á percepción desta axuda o fillo dun mutualista que, reunindo os requisitos para ter sido dado de alta como beneficiario de asistencia sanitaria, falecese antes de transcorrer un mes dende a data do seu nacemento.

Así mesmo, poderá causar dereito á axuda de enterro, sempre que se orixinasen gastos por leste concepto, o feto que, aínda non reunindo as condicións establecidas no artigo 30 do Código Civil, permanecese no seo materno durante, polo menos, 180 días.

3. Será perceptor da axuda de enterro o titular do documento de afiliación ou documento asimilado á de afiliación ó que corresponda ou correspondese o causante.

No caso de falecemento do titular dun documento asimilado ó de afiliación, será perceptor o beneficiario, se houberse, que lle suceda na titularidade.

Artigo 135. Programas socio sanitarios.

1. Os programas socio sanitarios dirixiranse a atende-las necesidades de persoas maiores, persoas con discapacidade, drogodependentes, enfermos psiquiátricos crónicos, así como doutras persoas en situación de dependencia. Tales programas poderanse modificar en función das demandas sociais do conxunto de afiliados e beneficiarios da Mutualidade Xeral.

2. A modificación dos programas, a concreción das modalidades, as condicións específicas de acceso a estas, o número de axudas dentro de cada unha delas, se iso fose preciso, así como as contías correspondentes, determinaranse de acordo co crédito consignado a tal fin no presuposto da Mutualidade Xeral para cada exercicio económico, mediante a oportuna convocatoria pública, que se efectuará por resolución do Director Xeral de MUFACE e que se publicará no «Boletín Oficial do Estado».

Artigo 136. Incompatibilidades das prestacións por servizos sociais.

Sen prexuízo do réxime xeral de incompatibilidades e do particular que se estableza nas normas de desenvolvemento, as prestacións por servizos sociais outorgadas pola Mutualidade Xeral serán incompatibles, polo menos no tramo da súa contía que resulte coincidente, con outras prestacións dispensadas ou financiadas con fondos públicos, sempre que estean destinadas á mesma finalidade e exista coincidencia en canto a suxeito e feito causantes.

SECCIÓN 2.^a ASISTENCIA SOCIAL

Artigo 137. Concepto.

1. A asistencia social consistirá na prestación pola Mutualidade Xeral dos servizos e auxilios económicos que se consideren precisos para atende-los estados e situacións de necesidade en que poidan atoparse os causantes relacionados no artigo seguinte.

2. A asistencia social levarase a cabo, entre outras posibilidades, a través das axudas asistenciais, para a concesión da cal terá que quedar acreditado que o interesado carece de recursos abondo. Tales axudas comprenderán:

a) As que se dispensen por tratamentos ou intervencións especiais, en casos de carácter excepcional, por un determinado facultativo, cando non estean cubertos pola prestación de asistencia sanitaria.

b) As determinadas por inexistencia, perda ou insuficiencia de prestacións en supostos concretos.

c) As debidas a gastos de carácter urxente en casos de importancia extraordinaria debidamente xustificadas.

d) En xeral, calquera outras análogas a percepción das cales non fose regulada nas normas aplicables a este réxime especial.

3. As prestacións asistenciais reguladas nesta sección son independentes das previstas no artigo 67, apartado 1, do texto articulado da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, aprobado polo Decreto 315/1964, do 7 de febreiro.

Artigo 138. *Causantes e beneficiarios da asistencia social.*

1. Poderán causar dereito ás prestacións reguladas nesta sección, sempre que reúnan as condicións en cada suposto esixidas, os mutualistas e os seus familiares ou asimilados relacionados nos artigos 15 e 16 deste regulamento, sen que sexa neste caso imprescindible cumprí-los requisitos sinalados nos devanditos artigos.

2. Poderán ser perceptores das prestacións a que se refire esta sección, os mutualistas e os titulares de documento asimilado á de afiliación.

Artigo 139. *Incompatibilidades das prestacións de asistencia social.*

Sen prexuízo do réxime xeral de incompatibilidades e do particular que se estableza nas normas de desenvolvemento, as prestacións por asistencia social outorgadas pola Mutualidade Xeral serán incompatibles, polo menos no tramo da súa contía que resulte coincidente, con outras prestacións dispensadas ou financiadas con fondos públicos, sempre que estean destinadas á mesma finalidade e exista coincidencia en canto a suxeito e feito causantes.

CAPÍTULO X

Réxime económico e financeiro

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 140. *Réxime xurídico.*

A Mutualidade Xeral, de acordo co establecido no artigo 5 do texto refundido, rexerese en canto ó réxime económico-financeiro, patrimonial, orzamental, contable e ó de intervención e control financeiro das prestacións, así como no referente ó réxime dos concertos para a prestación dos servizos de asistencia sanitaria e farmacéutica, polo texto refundido, por este regulamento e demais normas regulamentarias que desenvolvan o disposto no citado texto refundido, pola Lei Xeral Orzamental nas materias que sexa de aplicación e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 141. *Patrimonio da mutualidade.*

As cotas, bens, dereitos, accións e recursos de calquera outro xénero da Mutualidade Xeral constitúen o patrimonio único afecto ós seus fins, distinto do Patrimonio do Estado.

Artigo 142. *Recursos económicos.*

Para o cumprimento dos seus fins, os recursos económicos da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado estarán constituídos por:

a) As achegas económicas do Estado a que se refire o parágrafo b) do apartado 2 do artigo 22 deste regulamento.

b) As cotas dos mutualistas.

c) As subvencións estatais e aqueles outros recursos públicos de natureza diversa que lle correspondan conforme á normativa vixente.

d) Os bens, dereitos e accións das mutualidades e os montepíos integrados no Fondo especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

e) Os froitos, rendas, xuros, e calquera outro produto dos seus bens patrimoniais.

f) Calquera outro recurso privado que se obteña para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 143. Sistema financeiro.

1. O sistema financeiro do mutualismo administrativo é o de repartición, e a súa cota revisable periodicamente.

2. Nos casos en que a natureza das prestacións o requira, constituiranse así mesmo fondos de garantía para cubrir posibles déficit de cotización ou en casos anormais de sinestralidade.

Artigo 144. Investimento.

1. Os fondos de garantía, e calquera outros que non teñan que destinarse de modo inmediato ó cumprimento de obrigas regulamentarias, serán invertidos de forma que se coordinen as finalidades de carácter social coa obtención da maior rendibilidade compatible coa seguridade da investimento e unha liquidez en grao axeitado ás finalidades que aqueles deban atender.

2. O Ministro de Administracións Públicas, logo do informe do Ministerio de Facenda, propondrá ó Consello de Ministros as normas que con rango de real decreto deban ser promulgadas para o investimento de tales fondos.

SECCIÓN 3.^a RÉXIME PRESUPOSTARIO, CONTABLE, DE INTERVENCIÓN E DE CONTROL

Artigo 145. Presupostos.

1. Dentro do ámbito institucional dos Presupostos Xerais do Estado, a mutualidade elaborará o anteproxecto de presuposto, de conformidade coas normas xerais na materia, ordenándose os créditos orgánica e funcionalmente, segundo a clasificación económica vixente, recollendo as dotacións necesarias para cubri-la acción protectora e os medios necesarios para levala a cabo, financiándose os gastos cos recursos económicos descritos no artigo 142 deste regulamento.

2. O réxime orzamental da Mutualidade Xeral regúlase polo disposto no texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria e as súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo das súas peculiaridades en canto ás normas sobre gastos, pagamentos, intervención e contabilidade, ó fin da cal o Ministro de Administracións Públicas, con informe favorable do Ministerio de Facenda, ditará as normas oportunas.

Artigo 146. Tesourería.

Os ingresos e pagamentos a realizar pola Mutualidade Xeral canalizaranse a través das contas abertas no Banco de España, conforme ó establecido na Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España, e noutras entidades de crédito, coas que a mutualidade, por razóns de axilidade na xestión e de eficiencia económica, considere necesario contrata-la prestación do servizo. Destas contratacións, que se levarán a cabo mediante procedemento negociado cun mínimo de tres ofertas, e sen necesidade de esixir prestación de garantía definitiva, así como da apertura das contas resultantes, se dará conta á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Artigo 147. Créditos ampliáveis.

Considéranse ampliáveis, na contía resultante das obrigas que se recoñezan e liquiden segundo as disposicións en cada caso aplicables, os créditos que, afectos ó ámbito de xestión do mutualismo administrativo, se especifiquen como tales nas leis anuais de Presupostos Xerais do Estado.

Artigo 148. *Operacións de crédito a curto prazo.*

A Mutualidade Xeral, dentro dos límites fixados no seu presuposto, con autorización do Goberno, por proposta do Ministro de Administracións Públicas, e logo do informe do Ministerio de Facenda, poderá convir operacións de crédito a curto prazo e de tesourería. Estas últimas deberán quedar canceladas no período de vixencia do presuposto.

Artigo 149. *Gastos de administración.*

Os créditos para gastos de administración da Mutualidade Xeral non poderán exceder do 5 por cento dos recursos económicos previstos para o exercicio económico correspondente.

Artigo 150. *Contas anuais.*

A Mutualidade Xeral formará e renderá as súas contas de acordo cos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública e nas súas normas de desenvolvemento, así como nas disposicións xerais contidas ó efecto no texto refundido da Lei Xeral Orzamental.

SECCIÓN 4.^a RÉXIME DE CONTRATACIÓN

Artigo 151. *Contratación.*

1. O réxime da contratación da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado axustarase ó disposto para os organismos autónomos no texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e as súas normas complementarias, coa particularidade que se prevé no apartado 3 seguinte, de acordo co establecido no apartado 2 do artigo 5 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado, respecto ó réxime dos concertos para a prestación dos servizos de asistencia sanitaria e farmacéutica.

2. O Director Xeral de MUFACE é o órgano de contratación do organismo e está facultado para asinar no seu nome os contratos no ámbito da súa competencia, sen prexuízo, no seu caso, das autorizacións que resulten procedentes de acordo co artigo 12 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3. A prestación de servizos asistenciais por entidades públicas, sociedades médicas, colexios farmacéuticos e outras entidades ou empresas que sexan precisas para o cumprimento dos fins da acción protectora da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, calquera que sexa o seu importe e a modalidade que revistan (convenios, concertos, pólizas, ou outras modalidades análogas), conviranse de forma directa entre a mutualidade e a entidade correspondente, con informe previo da Avogacía do Estado do Ministerio de Administracións Públicas e da Intervención delegada no organismo sobre o proxecto de convenio, concerto, póliza ou documento no que consten as condicións de prestación.

SECCIÓN 5.^a ADQUISICIÓN, ADMINISTRACIÓN E DISPOSICIÓN DOS BENS PATRIMONIAIS

Artigo 152. *Normativa aplicable.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 48 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, a adquisición, administración e disposición dos bens patrimoniais rexeráse polo disposto nesta sección e, no non previsto nesta, pola Lei do Patrimonio do Estado e as súas normas de desenvolvemento, entendéndose que as competencias que na devandita lexislación se atribúen ó Ministerio de Facenda e á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado están referidas ó Ministerio de Administracións Públicas e á Dirección Xeral da Mutualidade Xeral, con independencia da súa posible delegación ou desconcentración noutros órganos superiores ou directivos e das competencias que correspondan ó Consello Xeral da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

Artigo 153. *Adquisición a título oneroso de bens inmobles.*

A adquisición a título oneroso de bens inmobles pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado para o cumprimento dos seus fins efectuarase, logo do informe favorable do Ministerio de Facenda, mediante concurso público, salvo que, en atención á peculiaridade da necesidade a satisfacer ou á urxencia da adquisición a efectuar, o Ministro de Administracións Públicas autorice a adquisición directa.

Artigo 154. Arrendamentos.

Os arrendamentos de bens inmobles que deba efectuar a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado para a instalación dos seus servizos, así como a cesión en arrendamento dos seus bens inmobles, concertaranse mediante concurso público, salvo naqueles casos en que, a xuízo do Ministro de Administracións Públicas, sexa necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

Artigo 155. Alienación de bens inmobles.

1. A alienación dos bens inmobles da Mutualidade Xeral levarase a cabo conforme ás seguintes normas:

a) Declaración de alienabilidade e acordo de alienación dos bens: a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado poderá allear os seus bens propios cando resulten innecesarios para o cumprimento dos seus fins, logo do informe do Consello Xeral de MUFACE e declaración de alienabilidade e acordo de alienación adoptados polo Ministro de Administracións Públicas. Cando o valor dos bens exceda da contía determinada no artigo 62 do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei do Patrimonio do Estado, a autorización de venda dos bens inmobles será aprobada polo Consello de Ministros.

b) Depuración física e xurídica dos bens: antes de proceder á súa alienación realizarase a depuración física e xurídica dos inmobles que se pretenden allear.

c) Comunicación ó Ministerio de Facenda: con carácter previo á súa alienación, a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado comunicará a declaración de alienabilidade do inmovible ó Ministerio de Facenda, que poderá optar por incorpora-los bens ó Patrimonio do Estado para afectalos a calquera outro servizo da Administración ou dos seus organismos públicos. Transcorridos tres meses dende a notificación ó Ministerio de Facenda sen recibir contestación, entenderase que o devandito Ministerio non opta por incorpora-los bens ó Patrimonio do Estado.

d) Taxación dos bens: antes de proceder á alienación de calquera ben inmovible será imprescindible a realización dunha taxación pericial, ben por servizos técnicos da Administración ou, excepcionalmente, por servizos externos de taxación. A aprobación da taxación corresponde ó Director Xeral de MUFACE.

2. Os procedementos de alienación serán a poxa pública, a permuta e a alienación directa, que serán aplicables de acordo coa normativa vixente.

3. Nas vendas directas de inmobles, así como nas vendas realizadas por poxa, poderá admitirse o pagamento aprazado do prezo de venda, por período non superior a 10 anos, nas condicións que se determinan no Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de Bases do Patrimonio do Estado e nas súas disposicións de desenvolvemento.

CAPÍTULO XI

Recursos e réxime xurisdiccional

Artigo 156. Recursos e réxime xurisdiccional.

1. Os actos e resolucións do Director Xeral da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado non poñen fin á vía administrativa, podéndose recorrer en alzada ante o Ministro de Administracións

Públicas. Esgotada a vía administrativa, poderán recorrerse na contencioso-administrativa conforme á súa lei reguladora.

2. Exceptúanse do disposto no apartado anterior e, en todo caso, porán fin á vía administrativa, as resolucións a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e as ditadas en materia de persoal polo Director Xeral da Mutualidade. Nestes supostos, procederá o recurso de reposición, con carácter potestativo, cando corresponda, e o contencioso-administrativo conforme á súa lei reguladora.

3. O recurso extraordinario de revisión poderá interpoñerse na forma que determina o artigo 118 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común citada no apartado anterior.

4. As reclamacións previas, en asuntos civís e laborais, serán resoltas polo Director Xeral da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado.

Artigo 157. Prazos para resolver e notificar.

1. Os actos e resolucións en materia de mutualismo administrativo deberán producirse dentro dos prazos que, para resolver e notificar, se establecen para cada un dos procedementos nas normas vixentes. Ó seu remate terá carácter informativo para os interesados a publicación oficial da relación de procedementos da Administración Xeral do Estado.

2. En caso de non ditarse resolución expresa, a solicitude poderá entenderse estimada ou desestimada segundo os efectos previstos nas leis para o silencio administrativo e sinalados na publicación a que se refire o apartado anterior.

CAPÍTULO XII

Infraccións e sancións

Artigo 158. Disposicións xerais.

1. De conformidade co preceptuado no artigo 44 da Lei 53/2002, de 30 de decembro, as infraccións e sancións en materia de Seguridade Social que han de rexer no ámbito do mutualismo administrativo serán as previstas neste regulamento, de acordo coa predeterminación establecida no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto. A competencia para sanciona-las infraccións cometidas no devandito ámbito corresponderá ós órganos que se sinalan no apartado 3.

2. Os mutualistas e beneficiarios comprendidos no ámbito de aplicación deste réxime especial, así como o persoal ó servizo das Administracións públicas que estea obrigada a actuar en materia de mutualismo administrativo, serán responsables das accións ou omisións a eles imputables que constitúan infracción, segundo se establece nos artigos seguintes.

3. Son órganos competentes para sanciona-las condutas infractores dos mutualistas e beneficiarios:

a) O Ministro de Administracións Públicas, por proposta da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, para as infraccións moi graves.

b) O Secretario de Estado para a Administración Pública, a proposta, así mesmo, da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, para as infraccións graves.

c) O Director Xeral da mutualidade, para as infraccións leves.

4. Cando se trate de infraccións presuntamente cometidas polo persoal ó servizo das Administracións públicas que estea obrigado a actuar en materia de mutualismo administrativo, a

Mutualidade Xeral comunicarao ós órganos do ministerio ou organismo de destino, para a determinación da responsabilidade conseguinte e, no seu caso, proposición ó órgano competente, segundo se establece no apartado anterior, da sanción que proceda.

Artigo 159. *Infraccións dos mutualistas e beneficiarios.*

De acordo co establecido nos artigos 24, 25 e 26 do texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social, considéranse:

1. Infraccións leves:

a) Non facilitar á Mutualidade Xeral, cando sexan requiridos, os datos necesarios para a afiliación ou alta.

b) Non comunica-las alteracións que en relación cos datos indicados no parágrafo anterior se producen e, en xeral, o incumprimento dos deberes de carácter informativo.

2. Infraccións graves:

a) Efectuar traballos por conta propia ou allea durante a percepción de prestacións, cando exista incompatibilidade legal ou regulamentariamente establecida.

b) Non comparecer, salvo causa xustificada, ós recoñecementos médicos que resulten procedentes, así como non presenta-los antecedentes, xustificantes ou datos que non obren na mutualidade, cando sexan requiridos e afecten ó dereito á continuidade na percepción da prestación sen que a mutualidade poida acceder a eles directamente.

c) Non comunicar, salvo causa xustificada, as baixas nas prestacións no momento en que se produzan situacións determinantes de suspensión ou extinción do dereito, ou cando se deixen de reuni-los requisitos para o dereito á súa percepción, cando por calquera das devanditas causas se perciba indebidamente a prestación.

3. Infraccións moi graves:

a) Actuar fraudulentamente co fin de obter prestacións indebidas ou superiores ás que correspondan, ou prolongar indebidamente o seu goce mediante a achega de datos ou documentos falsos.

b) Simula-la situación administrativa en que se atopa o funcionario.

c) Omitir declaracións legalmente obrigatorias ou outros incumprimentos que poidan ocasionar percepcións fraudulentas.

Artigo 160. *Sancións ós mutualistas e beneficiarios.*

1. As infraccións sancionaranse:

a) As leves, con perda da prestación, subsidio ou pensión ata un mes.

b) As graves, con perda da prestación, subsidio ou pensión ata un período de tres meses.

c) As moi graves, con perda da prestación ata un período de seis meses ou con extinción desta. Igualmente poderáselles excluír do dereito a percibir calquera prestación económica ata un ano.

2. A sanción procedente en cada un dos supostos anteriormente enumerados graduarase tendo en conta as circunstancias que concorren na infracción, así como, no seu caso, a reincidencia.

3. Non obstante as sancións anteriores, no suposto de que a transgresión das obrigas afecten ó cumprimento e conservación dos requisitos que dan dereito á prestación poderá a Mutualidade Xeral suspender cautelarmente a mesma, ata que a resolución administrativa sexa definitiva.

4. As sancións a que se refire este artigo enténdense sen prexuízo do reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

Artigo 161. *Infraccións do persoal ó servizo das Administracións públicas que actúan en materia de mutualismo administrativo.*

De acordo co establecido nos artigos 21, 22 e 23 do texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social, considéranse:

1. Infraccións leves:

a) Non conservar, durante catro anos, a documentación ou os rexistros ou soportes informáticos en que se transmitiran os correspondentes datos que acrediten o cumprimento das obrigas en materia de afiliación, altas, baixas ou variacións que, no seu caso, se producisen en relación coas devanditas materias, así como os documentos e recibos xustificativos do ingreso das cotizacións.

b) Non comunicar no tempo establecido as baixas, así como as demais variacións que afecten á situación administrativa dos funcionarios incluídos neste réxime especial.

c) Non facilitar á Mutualidade Xeral os datos, certificacións e declaracións que estean obrigados a proporcionar, ou omitilos, ou consignalos inexactamente.

2. Infraccións graves:

a) Non comunicar en tempo e forma a afiliación inicial ou a alta dos funcionarios incluídos neste réxime especial.

b) Non ingresar, na forma e prazo procedentes, as cotas correspondentes ou non efectua-lo ingreso na contía debida, sempre que a falta de ingreso non obedeza a unha situación extraordinaria.

3. Infraccións moi graves:

a) Reter indebidamente, non ingresándoa dentro de prazo, a cota da Mutualidade Xeral descontada ós funcionarios, ou efectuar descontos, non ingresándoos, superiores ós legalmente establecidos.

b) Falsear documentos para que os funcionarios obteñan ou gocen fraudulentamente das prestacións.

c) Efectuar declaracións ou consignar datos falsos ou inexactos nos documentos de cotización que ocasionen deducións fraudulentas das cotas a satisfacer á Mutualidade Xeral.

d) Non facilitar á Mutualidade Xeral os datos identificativos de titulares de prestacións económicas, así como, en canto determinen ou condicionen o dereito a percibilas, os dos beneficiarios, cónxuxes e outros membros da unidade familiar, ou os dos seus importes.

4. Para a aplicación das posibles sancións haberá que averse ó disposto no apartado 3 do artigo 158 deste regulamento.

Artigo 162. *Procedemento.*

1. Para a aplicación das sancións previstas neste capítulo a mutualistas e beneficiarios seguirase o procedemento sancionador previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e as súas normas de desenvolvemento.

2. Para as sancións por infraccións do persoal ó servizo das Administracións públicas que actúen en materia de mutualismo administrativo será de aplicación a vixente lexislación en materia disciplinaria, tendo en conta o sinalado no apartado 4 do artigo 158.

3. O previsto nos apartados anteriores entenderase sen prexuízo dos procedementos que deban seguirse en ámbitos xurisdicionais.

Artigo 163. Recursos e prescrición.

1. Contra as resolucións recaídas nos procedementos sancionadores e disciplinarios poderanse interpoñer os recursos administrativos e xurisdicionais que legalmente procedan.

2. Para a prescrición de infraccións e de sancións de mutualistas e beneficiarios haberá que a terse ó disposto no procedemento sancionador previsto na Lei 30/1992, citada no apartado 1 do artigo anterior e, se se trata de infraccións do persoal ó servizo das Administracións públicas que actúen en materia de mutualismo administrativo, aplicarase a prescrición prevista no procedemento disciplinario ou xurisdiccional que corresponda á Administración pública á que pertenza o suxeito responsable.

Disposición adicional primeira. Fondo especial.

1. Cando se establecesen prestacións para a Mutualidade Xeral, que sexan de igual natureza e finalidade e coincidan nunha mesma situación ou continxencia coas que se puidesen conceder con cargo ó Fondo especial, aplicaranse automaticamente as da Mutualidade Xeral, para os mutualistas pertencentes a ela.

En tales casos, quedarán sen efecto as prestacións do Fondo especial se fosen de igual ou inferior contía. Se a prestación de que se trate correspondente ó Fondo especial fose de superior contía, aboarase a diferenza. Se se trata de axudas para estudos ou similares das mutualidades integradas no Fondo especial, só se aplicarán as da Mutualidade Xeral, calquera que fose a súa contía, e sempre que o seu beneficiario pertenza á Mutualidade Xeral.

2. Os trienios perfeccionados con posterioridade a 31 de decembro de 1978 non se poderán computar ós efectos de determina-las bases reguladoras das prestacións do Fondo especial.

3. O tempo durante o cal se cotizou ó Fondo especial con posterioridade ó 31 de decembro de 1978 unicamente se terá en conta cando a antigüidade sirva de base para a fixación de porcentaxes no cálculo de prestacións e, soamente, ó devandito efecto.

4. Ós socios e beneficiarios das mutualidades integradas no Fondo especial de MUFACE a que se refire a disposición adicional sexta do texto refundido, que continúen cotizando voluntariamente a estas, aplicaráselle o réxime singular de cotización que se considera no artigo 28 deste regulamento, séndolles tamén de aplicación as normas contidas no capítulo III referente á cotización de mutualistas voluntarios, en especial o disposto no artigo 33.2 en canto ó non pagamento de cotas.

5. Sen prexuízo do disposto nas respectivas regulamentacións, ás pensións e demais prestacións das mutualidades integradas no Fondo especial de MUFACE seralles de aplicación, con carácter supletorio, e no que resulte procedente, as normas xerais da acción protectora contidas neste regulamento.

6. MUFACE poderá solicitar ós titulares de pensións do Fondo especial a xustificación daqueles extremos que orixinan a aptitude legal para o cobro das devanditas pensións, podendo acorda-la suspensión do seu pagamento, no suposto de non recibir axeitada contestación ó seu requirimento.

7. A entidade financeira que efectúe o aboamento das pensións será responsable da devolución a MUFACE dos haberes que, eventualmente, puidesen abonarse a partir do mes seguinte ó da data de falecemento do titular da pensión, reintegrando a MUFACE, no prazo dun mes, as cantidades indebidamente aboadas.

No mesmo prazo, procederá a entidade financeira a reintegrar estes haberes, cando sexa MUFACE quen efectúe a súa reclamación como consecuencia do coñecemento da extinción do dereito á pensión.

Disposición adicional segunda. *Funcionarios que causaran baixa polo exercicio legal do dereito de opción.*

Os funcionarios que, en virtude de disposición legal, optaren por quedar encadrados no Réxime Xeral da Seguridade Social, con baixa no Réxime especial da Seguridade Social dos Funcionarios Cívís do Estado, non causarán de novo alta, nin cando accedan á xubilación, salvo que se produza a circunstancia a que se refire a disposición adicional cuarta do texto refundido.

Disposición adicional terceira. *Pensionistas de clases pasivas.*

Os mutualistas pensionistas de xubilación, mencionados no apartado 2 da disposición adicional primeira do texto refundido, terán dereito ás prestacións de asistencia sanitaria, servizos sociais e asistencia social, sempre que cumpran os requisitos específicos para elas.

Disposición adicional cuarta. *Colexiados en colexios profesionais.*

Para os efectos do disposto no parágrafo c) do apartado 2 do artigo 15 deste regulamento, entenderase que están protexidos por título distinto os que exerciten a opción de pertencer a unha mutualidade de previsión social dun colexio profesional, prevista na disposición adicional décimo quinta, apartado 1, parágrafo terceiro, da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.

Disposición adicional quinta. *Funcionarios que exercitasen o dereito de transferencia á Unión Europea para os efectos de dereitos pasivos.*

Os funcionarios que causasen baixa na mutualidade como consecuencia do disposto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 8 do texto refundido, causarán alta obrigatoria na mutualidade cando pasen a unha situación administrativa das mencionadas no artigo 7 do citado texto refundido.

Disposición adicional sexta. *Conceptos equivalentes a licenza por enfermidade ou accidente.*

Entenderanse asimilados ás licencias por enfermidade ou accidente previstas na sección 1.^a do capítulo VI deste regulamento, aquel outros conceptos que resulten equivalentes, de acordo co réxime da Función Pública aplicable.

Disposición adicional sétima. *Prestacións familiares por minusvalía a extinguir.*

As prestacións familiares por minusvalía a que se refire a disposición adicional novena do texto refundido, e diferentes das mencionadas no capítulo VIII deste regulamento, manteranse co carácter de "a extinguir". Tales prestacións serán compatibles, no seu caso, coas axudas económicas nos casos de parto múltiple, definidas tamén no capítulo VIII, cando ámbalas dúas prestacións puidesen confluír.

Disposición adicional oitava. *Criterios de homoxeneización para a concesión das axudas asistenciais.*

Sen prexuízo da competencia das Comisións Provinciais de MUFACE para establecer criterios de concesión das axudas asistenciais, a Dirección Xeral de MUFACE, logo do informe do Consello Xeral, poderá establecer parámetros e outras normas complementarias, co fin de homoxeneizar e equilibrar estas axudas no conxunto do territorio nacional, que deberán ser tidos en conta polas correspondentes comisións provinciais.

Disposición adicional novena. *Cesión de datos entre a Mutualidade e as comunidades autónomas.*

1. Co fin de manter actualizados os rexistros do colectivo da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, as comunidades autónomas informarán mensualmente a esta Mutualidade Xeral da situación dos seus funcionarios incluídos no campo de aplicación do mutualismo administrativo xestionado por esta.

2. Coa mesma periodicidade, as comunidades autónomas e a Mutualidade Xeral intercambiarán a información correspondente ós colectivos que, en virtude dos concertos subscritos para o efecto con institucións da Seguridade Social, reciban asistencia sanitaria a través dos servizos de saúde de cada comunidade autónoma.

Os datos que se proporcionen en virtude do disposto no presente artigo serán obxecto das medidas de seguridade previstas na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre Protección de Datos de Carácter Persoal e as súas normas de desenvolvemento.

Disposición transitoria única. *Aplicación do réxime singular de cotización.*

Para os efectos da aplicación do réxime singular de cotización previsto na disposición adicional primeira, a Mutualidade Xeral ditará as correspondentes normas no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste regulamento.

Disposición final primeira. *Aplicación do regulamento.*

A regulación contida neste regulamento será de aplicación xeral a tódalas Administracións públicas en relación cos funcionarios incluídos no seu ámbito de aplicación, ó amparo do previsto no artigo 149.1.17.^a e 18.^a da Constitución.

Disposición final segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Polo Ministro de Administracións Públicas ditaranse as disposicións previstas neste regulamento e aquelas outras que sexan necesarias para o seu desenvolvemento, en tanto este non se atribúa expresamente a outro órgano.